

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 25 DE XANEIRO DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Egerique Mosquera, Teresa (concelleira do grupo do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de xaneiro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font,

Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos o Pleno ordinario número 1 do presente ano, convocado para o día de hoxe ás nove horas, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(1).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO 9 E 23 DE NOVIEMBRE DE 2015).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinarias do 9 e 23 de novembro de 2015.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

Non houbo.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(2).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INMEDIATA DISPOSICIÓN DAS PARCELAS TITULARIDADE DO SERGAS DA-2 E DA-3 COMO APARCADOIRO GRATUÍTO NO PROXECTO SECTORIAL DO NOVO HOSPITAL DE VIGO. REXISTRO PLENO 1309/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2016, número 1309/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende a posta en marcha do Hospital Álvaro Cunqueiro lévanse producindo reiteradas denuncias sobre o seu funcionamento e sobre os problemas derivados do modelo concesional para a prestación dos servizos sanitarios.

Froito do malestar social ca xestión e o funcionamento de este servizo o 3 de setembro de 2015 decenas de miles de cidadáns da área sanitaria de Vigo saíron as rúas para denunciar esta situación, reclamar un servizo público sanitario de calidade e reclamar a gratuidade do aparcamento do hospital.

Dende o goberno de Vigo traballamos para dar resposta axeitada os problemas dos cidadáns, aínda que, como neste caso, procedan da errada concepción dun hospital en concesión para atender as necesidades de toda a área sanitaria de Vigo. Como ben saben, o problema de aparcamento desaparecería se o actual aparcamento

fose gratuíto e a Xunta de Galicia non establecera un novo “imposto a enfermidade” dos pacientes. Sobrecoste que está provocando graves problemas de seguridade no entorno do hospital, con ocupacións do viario interior e desprazamentos de peóns sen medidas de seguridade axeitadas.

A pesar disto, ante a insensibilidade da Xunta polos problemas derivados da posta en servizo do hospital, o concello de Vigo tomou a decisión de incrementar e mellorar os servizos de transporte público, adoptar limitacións de velocidade na avenida Clara Campoamor e facer un aparcamento gratuíto nunha parcela municipal situada a carón do hospital.

Durante todo este proceso o goberno galego e o Sergas deixan nas mans do goberno municipal de Vigo a posta a disposición dos usuarios de aparcamento gratuíto nas inmediacións do Alvaro Cunqueiro, a pesar de que se trata dunha dotación con clara incidencia supramunicipal, da reclamación de concellos de todos os cores políticos solicitando prazas de aparcamento gratuítas, do clamor social e dos problemas de seguridade.

Neste contexto, chama poderosamente a atención que no proxecto sectorial do Novo Hospital de Vigo aprobado definitivamente o 12 de febreiro de 2009 existan dúas parcelas, situadas entre o viario de acceso principal o hospital e os límites do proxecto sectorial e da expropiación, titularidade da Xunta de Galicia, denominadas DA-2 e DA-3, con uso permitidos para aparcamento que o SERGAS manteña pechadas e sen acceso, a pesar da necesidade de habilitar prazas de aparcamento gratuíto. Actuación autonómica que só pode ter explicación na prioridade por velar pola conta de resultados da empresa concesionaria, en lugar de priorizala atención os problemas dos pacientes.

Ditas parcelas cunha superficie de 5.100 e 9.000 metros cadrados e con fronte o viario de acceso o hospital reúnen as condicións axeitadas para poñerse a disposición dos usuarios de xeito inmediato. Mais aínda, a parcela DA-2 (a mais próxima a avenida Clara Campoamor) foi utilizada como aparcamento provisional durante as obras do hospital e só precisa dun paso para vehículos e da retirada do peche metálico que hoxe impide o acceso. En dita ubicación poderían aparcarse gratuitamente máis de 200 vehículos. Por outra banda, a parcela DA-3, permitiría a ubicación de máis de 350 prazas de aparcamento trala acometida de obras de acceso e acondicionamento.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

-Instar a Xunta de Galicia a inmediata posta a disposición dos usuarios das parcelas titularidade do SERGAS DA-2 e DA-3, correspondentes o proxecto sectorial do novo hospital de Vigo, como aparcamento gratuíto.

Dito acordo supón que:

1.- No prazo máximo de 15 días a Xunta de Galicia porá a disposición dos usuarios o aparcamento gratuíto na parcela DA-2 eliminando os cerramentos e executando o paso de peóns e vehículos dende o acceso principal do hospital Alvaro Cunqueiro.

2.- Iniciará de xeito inmediato as obras que permitan o acondicionamento e acceso a parcela DA-3 para ser utilizada como aparcamento gratuíto.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha cuestión de orde, o artigo 43 do Regulamento Orgánico do Concello de Vigo di que tódolos puntos da orde do día teñen que ser ditaminados pola Comisión, as catro mocións do Partido Socialista que van a este Pleno están sen ditaminar porque se presentaron fora de prazo, gustaríame que se pronunciara o secretario xeral do Pleno sobre este punto porque de acordo co Regulamento deberían presentarse por urxencia se son fora de prazo.

PRESIDENCIA: Non necesitan de ditame, pero venme ben isto porque nos faltaba o punto primeiro, actas anteriores.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pois constará en acta que non necesita ditame, estamos a incumprir o Regulamento do Pleno.

PRESIDENCIA: Xa lle contestei, isto non é un debate, isto é unha moción polo tanto é unha cuestión de orde e equivócase seriamente unha vez máis. Estaríamos bos se houbera que ditaminar as mocións e polo tanto, que a maioría puidera facer que non chegaran ao Pleno, se quere as ditaminamos e as votamos en contra. Señora concelleira, reflexione de vez en cando.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Dende a posta en marcha do hospital Álvaro Cunqueiro ao hospital privado de Vigo lévanse producindo reiteradas denuncias sobre o funcionamento e sobre os problemas derivados deste modelo concesional, para o que nós reclamamos dende distintas instancias e dende este Concello a súa mellora e o seu traslado a un aparcadoiro público e a un hospital público. Froito do mal estar social que a xestión e o funcionamento deste servizo, o 3 de setembro do

ano 2015, decenas de decenas de decenas de miles de cidadáns da área sanitaria de Vigo saíron á rúa para denunciar esta situación, reclamando un servizo público sanitario de calidade e reclamando a gratuídade do aparcadoiro do novo hospital privado de Vigo.

Dende o Goberno de Vigo traballamos para dar resposta axeitada aos problemas dos cidadáns, aínda que como neste caso proceden da errada concepción dun hospital en concesión para atender ás necesidades de toda a área sanitaria de Vigo, como ben saben o problema do aparcadoiro desaparecía se o actual aparcadoiro fose gratuíto, dende aquí este Alcalde, o Sr. Abel Caballero, díxolle varias veces ao Presidente da Xunta de Galicia que non ten sentido facer dous aparcadoiros cun dobre custo para as arcas públicas, sexan da Xunta de Galicia ou sexan do Concello, cando xa existe unha infraestrutura feita cos impostos de tódolos cidadáns, dos galegos a través da Xunta de Galicia, co cal en reiteradas ocasións lle dixemos que fixesen a apertura deste aparcadoiro e que fose gratuíto para o uso e goce de tódolos cidadáns que teñen que usar este hospital privado e concesionado.

Sobre o custe que está a provocar graves problemas de seguridade no entorno do hospital con ocupación dos viarios interiores, das beirarrúas e co conseguinte perigo para os peóns que sen medidas de seguridade axeitadas discorren por estes viais xa que non o poden facer polas beirarrúas existentes.

A pesares disto ante a insensibilidade da Xunta de Galicia polos problemas derivados da posta en servizo do hospital o Concello de Vigo tomou a decisión de incrementar e mellorar os servizos de transporte público, adoptar limitacións de velocidade na Avenida Clara Campoamor e facer un aparcadoiro gratuíto na parcela municipal situada a carón do hospital. Durante todo este proceso o Goberno galego, o do Partido Popular, do Sr. Feijóo e o SERGAS deixan nas mans do Goberno Municipal a posta en disposición dos usuarios do aparcadoiro gratuíto nas inmediacións do Álvaro Cunqueiro, a pesares de que se trata dunha dotación con clara incidencia supramunicipal, de declarar que os concellos da bisbarra querían usar tamén este aparcadoiro gratuíto e o gran clamor social e dos problemas de

seguridade que isto leva consigo.

Neste contexto chama poderosamente a atención que o proxecto sectorial do novo hospital privado de Vigo aprobara definitivamente, o 12 de febreiro do ano 2009, esixan dúas parcelas situadas entre o viario de acceso principal ao hospital e os límites do proxecto sectorial de expropiación, titularidade da Xunta de Galicia, denominadas DA-2 e DA-3, con uso permitido para aparcadoiro que o SERGAS mantén fechadas e sen ningún acceso a pesares da necesidade de habilitar prazas de aparcadoiro gratuíto.

A actuación autonómica que só pode ter a explicación na prioridade por velar polo resultado da empresa concesionaria e non para os cidadáns/ás de Vigo e a súa área.

En vez de priorizar a atención dos problemas dos pacientes que visitan este hospital, estas parcelas cunha superficie de 5.100 metros cadrados e 9.000 metros cadrados, e que fronte ao viario de acceso ao hospital reúnen as condicións axeitadas para poñer a disposición dos usuarios de xeito inmediato, máis aínda a parcela de dous a máis próxima á Avenida Clara Campoamor, foi utilizada xa como aparcadoiro provisional durante as obras para os traballadores da mesma. Por iso lle pedimos á Xunta de Galicia que abran de forma inmediata estas dúas parcelas e tamén lle pedimos que de forma inmediata fagan público este hospital e este aparcadoiro.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A Marea de Vigo imos a votar a favor desta moción do Partido Socialista, máis non nos deixa de sorprenden que sabendo que xa existían estas parcelas e que ademais estiveron utilizadas provisionalmente, que xa existían no proxecto sectorial do hospital aprobado definitivamente o 12 de febreiro do 2009, e como dicía antes que xa foron utilizadas, que sexa agora cando o Goberno Municipal se decata de que eses terreos deben ser utilizados para o aparcadoiro gratuíto, xa pasou tempo. O que nos deducimos é que se está utilizando como a “caixa china” que como todos sabemos é unha estratexia comunicativa que se utiliza cando hai algo que non se quere que a xente fale del, invéntase ou lánzase

algunha noticia para despistar á atención, e dado o momento no que saíu isto, e moi posible que así fose, pero aínda sendo así, nós estamos de acordo con que se utilicen efectivamente eses terreos para construír un aparcadoiro gratuíto e imos votar de todas formas a favor e sexa onde sexa o aparcadoiro, por favor que o fagan dunha vez que xa está ben.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que teño que recoñecer que este Goberno Municipal é un auténtico experto en cortinas de fumo, en quitar coellos da chistera para desviar a atención sobre un tema do que non lles interesa nada que se fale na cidade. O que pasa é que os vigueses xa se están acostumando a esa forma de actuar e xa non cola, Sr. Regades, unha vez máis utilizan o hospital como escusa para desviar a atención cara outros problemas que realmente están no día a día da cidade e ante os cales vostedes non queren dar ningunha explicación, pero é bo facer un pouco de memoria para ver coincidencias que son cando menos sorprendentes, o 8 de setembro este grupo municipal descobre a tódolos vigueses dúas parcelas, que despois de moito protestar polo aparcadoiro do hospital, eran de propiedade do Goberno Municipal do Concello de Vigo, de 15.000 metros cadrados, nos que se podía facer un aparcadoiro municipal e que tiveran moi calado, ou sorpresa para tódolos vigueses, primeiro negárono, despois se negaron a facer o aparcadoiro municipal porque dicían que xa había un aparcadoiro, incluso nun Pleno que todos lembramos, negaron esa posibilidade e votaron en contra dunha moción que se presentaba con ese obxectivo, e de repente só tres días despois o 17 de setembro anuncian a bombo e prato que o Concello de Vigo vai facer un aparcadoiro no hospital Álvaro Cunqueiro, ao carón do hospital, aparcadoiro que por certo xa tiñan que ter feito como fan tódolos concellos de Galicia e de España, só este non ten un aparcadoiro municipal ao carón dun gran hospital. O 17 de setembro, e coincidencia, só cinco días despois o fiscal propón a imputación do Alcalde de Vigo e de tres dos seus concelleiros pola “Operación Patos” e só tres días despois a xuíza decide esa imputación, sorpresa, pero o Concello só falaba do aparcadoiro municipal, só quería que na cidade se falara de que por fin o Alcalde de Vigo e o seu goberno ían facer un aparcadoiro ao carón do Álvaro Cunqueiro, pasan os meses, ese aparcadoiro non licitaron vostedes nin o proxecto, un escándalo e quero pedirlle que aproveite a súa contestación para

reafirmar se van a facer ou non ese aparcadoiro municipal que o seu Alcalde comprometeu para primavera e estamos case no mes de febreiro, e de repente o 18 de xaneiro, lémbrense de dúas parcelas que hai pegadas ao hospital e que piden á Xunta de Galicia que faga un aparcadoiro nesas parcelas, e que pasa o 18 de xaneiro, pois novamente casualidade, imputan a outro dos concelleiros do Goberno Municipal, miren, non somos parvos, os vigueses non son parvos e saben perfectamente que vostedes cada vez que teñen un problema quitan un coello da chistera e unha noticia para desviar a atención.

Por certo, falso que non sabían que tiñan esas parcelas a Xunta de Galicia porque en declaracións do propio Alcalde de Vigo xa no mes de agosto falaba das parcelas, e falso novamente porque teñen vostedes de concelleira de Urbanismo a mesma conselleira, casualidade, que asinou o proxecto sectorial no que aparecían esas parcelas. Polo tanto, non é verdade que no no sabían, a verdade é que lles interesaba dicilo no último momento e tiñan gardada esa manobra de distracción.

Pero como non imos xogar ao seu xogo e como ímonos a contribuír a xogar ese xogo no que nos queren meter, nos imos abster nesa moción, pero lles digo máis, estou convencida de que o SERGAS habilitará esas prazas se vostedes empezan a cumprir coas súas obrigas, regulen o tráfico na zona que é un escándalo, regulen o transporte público ao hospital que é outro escándalo, abaraten os prezos dos aparcadoiros e aquí lles anuncio, se tan preocupados están polo prezo do aparcadoiro, no Hospital Álvaro Cunqueiro o prezo é a metade que en Vigo, imos presentar neste Pleno unha moción na que pediremos que tódolos aparcadoiros concesionados municipais que están ao carón de hospitais e centros de saúde teñan o mesmo prezo que o Álvaro Cunqueiro, pódese negociar coas concesionarias, Sr. Caballero, en beneficio dos cidadáns, a Xunta de Galicia demostroullo, se teñen vontade negocien coa concesionaria, pensen menos nas contas de resultados das concesionarias e máis nos intereses dos cidadáns e polo tanto presentaremos esa moción e veremos a súa verdadeira cara, veremos se tan preocupados están por eses intereses dos cidadáns que van a centros de saúde e hospitais da cidade ou máis polos seus propios intereses políticos e por desviar a atención.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu creo Sra. Muñoz que non hai que enfadarse, eu creo que este é un tema moi serio, que os cidadáns nos deben unha explicación sensata e moderada, eu non sei porque vostede se levanta polas mañás e nos ven aquí e nos vota a rifa, aquí estamos a falar de cousa serias, a vostede parécelle unha cortina de fumo os problemas que ten o hospital e a nós parécennos problemas moi serios, cando vostede nos di que regulemos a circulación, non, estanos a dicir que lle poñamos multas as viguesas/es que teñen a obriga de aparcar de forma irregular porque vostedes fixeron un hospital e aparcadoiro privado, dígolle que non Sra. Muñoz.

Transporte, non hai mellor transporte que o noso.

A verdade a historia deste hospital é inaceptable, eu non podo entender como nos di a Sra. Muñoz e non se ruboriza, que Vigo é a única cidade que ten un hospital, que quere dicir, un hospital privado, é a única cidade de Galicia, o experimento que fixo o Sr. Feijóo, o Partido Popular coa sanidade privada o experimentou en Vigo, e eu dígolle que non, e eu dígolle que como viguesa e como candidata do Partido Popular eu a verdade teño moito que agradecerlle, estes días que se está a cuestionar nos medios de comunicación se continua, eu dígolle que continúe, creo que de 13 concelleiros pasar a 7, eu doulle as gracias e dígolle que continúe, doulle todo o meu apoio para que continúe estes tres anos, pero dígolle este hospital ten que ser público e este aparcadoiro ten que ser público, e tenlle que dicir ás concesionarias que quite estas trampas que pon, estas vallas que pon, eu estes días tiven que ir ao hospital privado Álvaro Cunqueiro e tiven que ver como está cheo de bolardos de pedras para que os coches non accedan, tiven que ver como está cheo de cadeas para que os coches non accedan e os peóns tiñan que invadir os viais e vemos como xa está construído os aparcadoiro dos traballadores e este é o aparcadoiro que nos lles dicimos á concesionaria que o poña en servizo, e dicímoslle ao SERGAS que o poña en servizo, porque como vostede sabe isto non está concesionado, isto depende da Xunta de Galicia, depende do SERGAS e dicímoslle que o abran xa, que obriguen á concesionaria a que quite esas pedras que ten pechando o acceso a este aparcadoiro e que o abran xa, porque isto é moi

serio, a Sanidade é moi seria e o trato que están a recibir os vigueses/as con estas pedras que lle pon a concesionaria para que non pasen os coches a este aparcadoiro que xa está feito, xa é unha obra que está feita e pagada pola Xunta de Galicia.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Silva Rego e a Presidencia , e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.01.2016 (Rex. Nº 1309/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(3).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ARTICULACIÓN MEDIANTE CONVENIO, CON TÓDOLOS CONCELLOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO, DA GRATUIDADE DO BILLETE DE TRANSBORDO NO TRANSPORTE URBANO ABONADO POLA XUNTA DE GALICIA. REXISTRO PLENO 1311/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2016, número 1311/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O transporte metropolitano é un punto principal na configuración da área Metropolitana de Vigo. Así o manifestan todos os Alcaldes e Alcaldesas dos 14 municipios e daqueles que xa manifestaron o seu desexo de incorporarse á Área nunha inmediata aplicación da mesma.

Esta reivindicación e en especial o relativo ao transbordo en Vigo dos cidadáns do resto de municipios que chegan á cidade de Vigo e que utilizarían o servizo de transporte urbano de Vigo (VITRASA), necesariamente debe ser cuberto o seu custo por algunha Administración dado que, en ningún caso, pode ser asumido polo Concello de Vigo dado o seu alto custo.

Con este debate moi latente atopámonos cunhas declaracións a unha televisión local de D. Ignacio López-Chaves, Delegado da Xunta en Vigo que pola súa importancia transcríbense literalmente:

“Se Vigo se incorporase ao transporte metropolitano o traxecto de Coia ao Náutico págao a Xunta. Ese billete de transbordo (ao bus, ao Náutico) págao a Xunta, o 100%. Ao mesmo tempo, conseguiríamos un aforro os vigueses moi elevado. Por tanto, non hai que esperar a Área Metropolitana para que funcione o transporte, Vigo podería incorporarse e os vigueses aforrarían diñeiro”

Engade: “Se Vigo se incorporase ao transporte metropolitano ese primeiro traxecto de Vitrasa no o pagaría. Tampouco o pagaría o concello, pagaríao a Xunta”.

É evidente que o afirmado non se corresponde coa situación actual e calquera cidadán pódoo comprobar pero non cabe dúbida que o seu contido é literalmente a demanda de Alcaldes, Alcaldesas e cidadáns de todos os municipios da Área Metropolitana. E deben entenderse as declaracións do Sr. López-Chaves como unha proposta que realiza ao Goberno da Xunta de Galicia que, en caso de materializalo legalmente o Goberno do Sr. Núñez-Feijoo desde o Concello de Vigo aceptaríamos de inmediato.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

"Instar o Goberno da Xunta de Galicia a ratificar as palabras do Sr. López Chaves, Delegado da Xunta de Galicia en Vigo, e articular mediante Convenio con todos os Concellos da área Metropolitana de Vigo a gratuidade para todos os cidadáns do billete de transbordo no transporte urbano de Vigo abonando devandito importe na súa totalidade a Xunta de Galicia".

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Un dos temas centrais para avanzar na configuración da Área Metropolitana de Vigo o constitúe o transporte metropolitano, así o manifestaron tódolos Alcaldes/as da área non só dos catorce municipios senón tamén de aqueles que xa manifestaron o seu desexo de incorporarse á Área nunha ampliación desta, estamos a falar de 28 concellos, 600.000 persoas, un 63% do poboación da provincia de Pontevedra e un 22% da poboación de Galicia, que sinalaron estes alcaldes que o transporte público metropolitano é un servizo prioritario, un básico a ofrecer pola futura Área Metropolitana. Unha Área Metropolitana, a de Vigo, coa capacidade de ordenar, xestionar, planificar os servizos de transporte público metropolitano, cun obxectivo claro, o de dotar á Área Metropolitana dunha ferramenta imprescindible para crear unha autentica rede de transporte público metropolitano, que mellore a mobilidade, a accesibilidade de tódolos cidadáns da Área Metropolitana e que supoña un menor custe para os cidadáns e melloras na competitividade, na calidade e eficiencia deste servizo público.

Por tanto existe unanimidade, existe un amplo consenso sen excepcións por parte dos alcaldes da futura Área de que o transporte metropolitano constitúe o principal servizo básico a asumir na configuración da nova Área Metropolitana de Vigo.

Nesta liña e como premisa a este amplo consenso, resulta esencial reivindicar, en especial o transbordo en Vigo dos cidadáns do resto dos municipios que chegan á cidade e que utilizan o servizo de transporte urbano de Vigo, cuxo custe debe de ser necesariamente cuberto por unha administración diferente ao Concello de Vigo e que en ningún caso pode ser asumido polo Concello debido ao seu elevado custe.

Con este debate moi latente, atopámonos ante unhas declaracións nunha televisión local, do delegado da Xunta de Galicia en Vigo, do Sr. López Cháves, unhas declaracións nas que di literalmente e leo textualmente o que di “si Vigo se incorporase ao transporte metropolitano, o traxecto de Coia ao Náutico pagaríao a Xunta de Galicia”, este billete de transbordo de autobús ao Náutico págao a Xunta de Galicia e págao no 100%, ao mesmo tempo conseguiríamos un aforro aos

vigueses moi elevado, por tanto non hai que esperar á Área Metropolitana para que funcione o transporte, Vigo podería incorporarse e os vigueses aforrarían cartos, e engade, “se Vigo se incorporase ao transporte metropolitano, ese primeiro traxecto de Vitrasa non o pagaría, tampouco o pagaría o Concello de Vigo, pagaríao Xunta de Galicia”. É evidente que esta afirmación aínda que parece obvia, lóxica, é dicir, que sexa a Xunta de Galicia quen asuma este custe de transbordo, non se corresponde coa situación actual, como tódolos cidadáns saben e poden comprobar cada día. A situación real, polo contrario, é ben distinta, cunha falla de financiamento por parte da Xunta de Galicia nos transbordos dos cidadáns da Área Metropolitana, pero é que esta afirmación do Sr. López-Cháves súmase ao que literalmente veñen demandando os alcaldes/as así como tódolos cidadáns dos municipios da Área Metropolitana, unha demanda consensuada, unha demanda acordada nas reunións destas últimas semanas, destes últimos meses entre todos estes Alcaldes, e que sería que este transbordo que se fixera ao autobús urbano de Vigo fose asumido na súa totalidade, ao 100%, pola Xunta de Galicia, co obxectivo da avanzar, de materializar esa postura, Área Metropolitana no prazo máis breve posible.

Por todo isto, estas declaracións do Sr. López-Cháves deben entenderse como unha proposta en firme que fai o Goberno da Xunta de Galicia, e polo tanto que fai o Sr. Feijóo. Non é posible entendelo doutra maneira e que no caso de materializarse legalmente, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dende o primeiro minuto o Concello de Vigo aceptaría os cartos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo con esta moción, sorpréndenos incluso que fora precisamente un alto cargo da Xunta de Galicia o que fixera estas declaracións que contradí gran parte do argumentario que ten que ver coa arquitectura e co deseño do transporte metropolitano en Vigo, pero nós tamén poñemos unha alerta sobre unha cuestión que a Marea de Vigo vimos denunciando dende hai tempo, unha Área Metropolitana non pode xurdir dun consenso a partir dun proceso electoral, non podemos estar sistematicamente poñendo en xolfa ou aceptando os criterios marcados na Área Metropolitana dependendo das correlacións de forzas que se dan nunhas eleccións municipais porque hai

precedentes de que unha Área Metropolitana que para nós é central, non só no deseño dos servizos públicos senón no abaratamento para os cidadáns da Área Metropolitana, hai un precedente de que a Área Metropolitana de Barcelona que cando o PSC entendeu que funcionaba como contrapeso, exclusivamente, político ao goberno de CIU pois ao final houbo unha primeira desaparición da Área Metropolitana e ata anos despois que se conseguiron consensos, independentemente das cores políticas que están gobernando nos municipios ou no goberno autonómico, ata que houbo eses consensos a Área Metropolitana de Barcelona non despegou. Nos imos poñer enriba da mesa que esta Área Metropolita e creo que aí coincidimos coa lectura que facía no 2012 o Partido Socialista, que naceu morta, son 27 páxinas de lei na que a maior parte do articulado é simplemente para discutir quen preside ou quen ten máis peso nos órganos da Área Metropolitana, cando outra parte substancial da lei que é o transporte e os servizos practicamente se pasa por enriba sen ningún tipo de solución de como imos planificar esta cuestión. Nós seguimos a pensar que a maior parte do investimento, da subvención e do gasto que hai que facer en transporte teno que asumir a administración autonómica e seguindo incluso o modelo catalán onde a través dun consorcio público a Generalitat achega o 51%, e polo tanto dentro dese consorcio público que da beneficios porque funciona en réxime de empresa pública tamén recada o 51% dese investimento, unha parte substancial faríana os concellos a través da Mancomunidade de municipios, algo que nós por certo temos morto e que polo tanto tamén vai hipotecar o futuro dos concellos e nós na nosa proposta quitamos precisamente o transporte público único, gran transporte urbano dentro da área o quitamos precisamente desta cuestión, porque entendemos que efectivamente o Concello de Vigo xa asume determinadas bonificacións, axudas aos veciños/as de Vigo como para soportar de maneira colateral tamén esa subvención metropolitana que significaría seguramente incrementar os custes que nós cmo cidade asumimos no transporte público, pero iso non significa que non teña que haber unha fórmula de coordinación e non teñamos xa e por iso nos poñemos todas as esperanzas que eran poucas pero as que temos aínda nesa xuntanza do vindeiro día 3, pedimos que haxa un consenso en como abordar o estudo que precisamente figura na lei e o organigrama e a funcionalidade do transporte metropolitano e vemos que non hai unha solución

para nós polo menos esperanzadora porque estamos a ver cambios que se producen sobre todo a raíz das eleccións municipais en moitos concellos. Non podemos permitir que a Área Metropolitana dependa da cor política e sobre todos dos concellos, que se o peso do Partido Popular na Área Metropolitana de Vigo desaparece, pois automaticamente aparecen discrepancias coa futura lei e co desenvolvemento da lei.

Nos imos pedir dúas cuestións que o día 3 haxa consensos, precisamente consenso so ten que ver o encaixe de Vigo na Área Metropolitana que é máis do 60% da poboación e da economía da Área, pero nós tamén pedimos que se aborde dunha vez por todas que modelo de xestión de transporte imos poñer na Área Metropolitana, se é poñer de acordo a VITRASA con once empresas privadas, nos damos por falecido por morte prematura a posibilidade de xestionar un transporte público. Se imos a avanzar en fórmulas de xestión a través de empresas públicas como por exemplo a Área Metropolitana de Barcelona, unha empresa pública que anualmente reporta gran parte de ingresos non só aos concellos, senón á propia cidade de Barcelona e á Generalitat a través dese consorcio público, se imos asumir que temos que integrar once empresas privadas a discutir sobre o prezo ou se ao final calquera tipo de alteración do billete acabamos pagando as administracións pública sen ningún tipo de retorno a través da participación nesa entidade metropolitana.

Polo tanto, nós estamos de acordo, nos gustaría que se clarificara non só esa posición dentro dun debate dun programa de televisión senón que o día 3 se de verdade esa é a vontade do Partido Popular houbera un consenso sobre esta cuestión.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O transporte metropolitano como todo o mundo sabe é unha iniciativa da que gozan as persoas que viven nas áreas de A Coruña, de Ferrol, de Lugo e Santiago na que alcaldes do Partido Socialista como o Sr. Losada en A Coruña, o Sr. Bugallo en Santiago de Compostela e o Sr. Irisarri en Ferrol e o Sr. Orozco en Lugo, xunto coa Xunta de Galicia se puxeron de acordo para asinar o mesmo, exactamente o mesmo convenio que o Alcalde de Vigo se nega a asumir, o

Plan de Transporte Metropolitano de Vigo é un gran proxecto, que a pesares do rexeitamento do Alcalde a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeiros de maio do 2015, agrupa doce concellos Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Mos, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Porriño, Salcela de Caselas, Salvaterra, Redondela e Soutomaior, casualidade que Vigo non está dentro destes concellos onde funciona xa o Plan de transporte metropolitano de Vigo.

Trátase dun Plan que beneficia a unhas 500.000 persoas e que prevé un aumento do 27% no uso do transporte metropolitano, significa que 3.000 vehículos ao día deixen de circular pola Área Metropolitana, o que se traduce en diminuír as emisións de CO2 á atmosfera, en 2,6 toneladas ao día, pero sobre o que significa é que abarata e facilita a mobilidade das persoas da Área de Vigo e iso Sr. Alcalde significa e supón mellorar a calidade de vida das persoas, e para iso nos elixen as persoas cando van ás eleccións e para iso existe a política, Sr. Alcalde, para mellorar a calidade de vida das persoas. Por exemplo, unha persoa de Vigo que vaia traballar a Porriño pasou de pagar 1,64 euros, a pagar 0,85 euros, aforra practicamente a metade do billete, e se esa persoa ten que coller antes o VITRASA, se ten a tarxeta verde o viaxe lle sairía en 0,86 euros máis 0,85 euros, en total 1,71 euros, pero se Vigo entrase no transporte metropolitano, o vigués só pagaría 0,85 euros, porque o transbordo por exemplo de Bouzas ata as Travesas saíralle ao vigués gratis, non fale dos de fora, o vigués para 0,86 euros con esta tarxeta verde, pero se vostede entrase no transporte, isto lles sairía gratis, cero, non se decata vostede, non se decata a súa concelleira de Transportes que lle escribiron a intervención e leuna, pero non se decata, eu o que quero é que vostede lle diga aos vagueses porque lles castiga, como eu que vivo en Bouzas que cando temos que trasladados a Baiona pagamos de Bouzas ás Travesas 0,86 euros e senón 1,32 euros, non se decata.

O que non se entende é por que se pagan billetes de avión, aos de Vigo e aos que non son de Vigo, aos de Chapela, non se decata, non se entende por que non queren dar esta explicación, agora xa temos a explicación é porque non están ben informados de como funciona o transporte metropolitano, por moito que queiran enredar e manipular a realidade, niso son uns expertos, vostedes son os que

boicotearon e seguen boicoteando con moita demagogia e polo que vimos hoxe aquí con moita mentira o Plan de Transporte Metropolitano, pero aínda así dende o Partido Popular lle imos dar un voto de confianza, cremos que hai que elevar un pouco o nivel do discurso e a semana pasada houbo unha reunión moi produtiva entre vostedes e todos os alcaldes e chegouse a grandes acordos que parecían imposibles, en gobernanza, no número de membros, no financiamento da área, en que se a Deputación ten que entrar ou non, en que se ten que ceder ou non competencias, pois a próxima semana o día 3 de febreiro vai haber outra reunión, só de transporte, espero que San Blas o axude a atopar este acordo final. O Transporte Metropolitano de Vigo, lémbreo Sr. Alcalde, é moi bo para Vigo, súbase a el Sr. Alcalde, deixe de mentir e de facer demagogia e parafraseando ao seu líder, o Sr. Pedro Sánchez, ao dirixirse agora ao Sr. Pablo Iglesias, o líder de Podemos, eu diríalle os vigueses non entenderían que non se puxeran de acordo neste asunto.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: A verdade Sr. Fidalgo, non sei como fan para enredar e para confundir á cidadanía, a moción é moi clara non ten porque dar voltas, a moción o que di é que aqueles cidadáns que veñen da Área Metropolitana que teñan o transporte pagado ao 100% pola Xunta de Galicia e iso o reitero, é o lóxico, en canto ao transporte metropolitano lembrarlle que na Área como tal, xa está funcionando e é gratis para os cidadáns de Vigo. Polo tanto, o que lle recomendo é que non confunda aos cidadáns e despois que non trate de bloquear novamente como quixeron facer, senón que ao contrario desbloqueen este transporte metropolitano, é razoable ou sería razoable o maior consenso posible tamén por parte dos grupos desta Corporación para que este transbordo que fan os cidadáns da Área sexa cuberto e que aquí se aprobe cunha ampla maioría, sexa cuberto pola Xunta de Galicia e reitero ao 100%, porque teño que lembrar que ata agora o Transporte Metropolitano é unha competencia da Xunta de Galicia, polo tanto non pode deixar ao cidadáns da Área Metropolitana, aqueles cidadáns que chegan a Vigo, sen cubrir ao 100% o custo do transbordo ao transporte urbano de Vigo. Reitero, non confundan ao cidadáns e non os enreden e o que lle rogaría polo tanto é que traten de avanzar en consensuar, en chegar a acordos que é o que se está a facer polos alcaldes da Área Metropolitana, por parte do Alcalde de Vigo para chegar a acordos de consenso para coordinar o transporte metropolitano.

Polo tanto, fundamental, acordos e consensos nun tema que é central que é o transporte metropolitano da futura Area de Vigo.

Sr. Pérez Correa claro que si, claro que hai que consensuar e acordar, pero co obxectivo de coordinar estes medios de transporte, fundamental a coordinación do medio de transporte, destes dous medios de transporte e nesa liña seguiremos a traballar, co obxectivo de coordinar o transporte metropolitano co transporte urbano de Vigo, e sempre garantindo neste caso que os cidadáns da Área de Municipios que son cercanos e que van a constituír esta futura Área Metropolitana teñan a gratuidade do 100% do transbordo ao transporte urbano de Vigo e que este sexa asumido, reitero, co 100% pola Xunta de Galicia.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Había unha emenda que me esquecín de mencionar, non sei se a acepta.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Non se acepta porque non ten que ver para nada coa moción que se presenta neste Pleno.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Silva Rego e a Presidencia , e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2016 (Rex. Nº 1311/1101), polo

voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(4).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de novembro de 2015 ao 8 de xaneiro de 2016.

1.2(5).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de novembro de 2015 ao 8 de xaneiro de 2016.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1(6).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO SOLICITAR Á EMPRESA LINORSA AS ACREDITACIÓNS E CERTIFICACIÓNS QUE INDICAN OS PREGOS DE CONDICIÓNS EN MATERIA DE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA LABORAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1304/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xaneiro de 2016, número 1304/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos pasados días recibimos copia do escrito presentado e rexistrado neste Concello pola representación legal das e dos traballadores de limpeza de colexios públicos e escolas do Concello de Vigo, onde se informa que a empresa adxudicataria do servizo adébeda salarios ó cadro de persoal, do mesmo xeito que se adébedan salarios o cadro de persoal de limpeza de dependencias municipais, servizo adxudicado a mesma empresa.

En ambos pregos tipifícanse como faltas moi graves o incumprimento das obrigas laborais, e todas aquelas correspondentes a lexislación laboral, como é o debedamento do salario das e dos traballadores/as e nos prazos que estiman os convenios colectivos de aplicación.

Así como queda reflectida a capacidade do Concello para o control e inspección do cumprimento das obrigas do contrato, como por exemplo recibir as certificacións administrativas acreditativas de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (coa facenda estatal e autonómica) e da seguridade social, e mensualmente e dentro do mes seguinte, copia dos documentos acreditativos do pagamento das cotas a seguridade social por todo o persoal traballador (tc1 e tc2), así como a declaración xurada do propio contratista, ou do seu representante, de encontrarse o día no pago das retribucións percibidas polo persoal ao seu servizo.

Outra vez, atopámonos coas consecuencias da xestión dos servizos municipais

privatizados, e a falla de control sobre as concesionarias de tales servizos, sobre a cal este grupo municipal xa ven de solicitar en reiteradas ocasións a constitución de comisións de control para os mesmos, co fin de evitar que acontezan estas situacións causando prexuízos moi graves inicialmente as e os traballadores, que, posteriormente repercutirán na cidadanía, e n tanto e canto o público que xestiona este Concello pertence as/os viguesas/es, e debe ser xestionado coa responsabilidade que corresponde.

Por todo isto, instamos a esta Corporación Municipal a adoptar os seguinte

ACORDO

Solicitar á empresa Limpiezas del Noroeste (Linorsa) as acreditacións e certificacións que os pregos de condicións indican en materia de cumprimento da normativa laboral e fiscal así como a adopción das medidas oportunas con respecto a empresa adxudicataria do servizo en base as faltas moi graves tipificadas nos propios pregos de condicións, do mesmo xeito que, se tomadas as medidas oportunas, a empresa adxudicataria non resolve os incumprimentos, proceder a resolución do contrato coa mesma e adoptar os procedementos necesarios que garantan a continuación do servizo sen prexuízo ó cadro de persoal.”

Con data 18 de xaneiro de 2016, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada do contido da moción.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Cando na administración pública hai problemas novos, cando aparecen cuestións que teñen que ver co cumprimento dos pregos das concesionarias, cando ten que ver precisamente coa dignidade, coa situación dos traballadores/as cando iso é novo, pois é normal que as administracións non actúen rapidamente ou é normal que as administracións tenten informarse sobre da situación coa concesionaria, coas empregadas/os dos determinados servizos públicos que están externalizados en empresas privadas. Neste problema non estamos en absolutamente nada novo, isto non é nada novo, é a enésima vez que este problema salta á situación deste Pleno, de moitas mulleres e homes que traballan en servizos públicos concesionados e non é a primeira vez que non so este grupo senón outros grupos poñen en solfa a xestión que se está a facer co seguimento e control das concesionarias públicas. En primeiro lugar, porque o 1 de decembro do 2014, un representante dos traballadores de LINORSA interveu neste

Pleno, pediu precisamente que se tivera control e que se fixera un seguimento do que estaba a pasar con esta empresa e logo falaremos do que pasa con esta empresa, non só aquí senón no ámbito do Estado, neste días hai un goteo de mobilizacións e de procesos xudiciais abertos precisamente contra esta concesionaria e no Pleno, que eu teño aquí un recorte do xornal Atlántico, que precisamente subscribe entre comiñas determinadas intervencións que se fixeron por parte do Goberno, despois da intervención do representante sindical dos traballadores di “que o Alcalde garantiu o seu compromiso coas traballadoras de LINORSA, que garantiu que cobrarían un céntimo das nóminas que se endebedaban naquel momento e sobre todo que non se volvería a reproducir no futuro”, se dicía que isto non volvería pasar naquel momento un impago de nóminas, e dicíase que non volvería a pasar no futuro, e o problema é que volve a pasar, enriba cunha empresa que figura no listado que o Ministerio de Facenda remite e fai público pola nova normativa precisamente de transparencia sobre determinadas cuestións que teñen que ver coa morosidade fiscal e unha empresa que endebeda máis de 1.300.000 euros á administración pública, e polo tanto nós nos retrotraemos ao prego e dicimos, como pode ser que se amplíe un contrato que se siga facendo uso dunha concesionaria privada que entendemos que non é capaz de emitir un certificado de estar ao corrente en pagos coas administracións, e polo tanto nos preguntamos, alguén controla que LINORSA que esta endebedando os salarios en todo o estado, que está incluso facendo políticas de represión sindical bastante perigosas, que LINORSA, alguén controla que non ten débedas, cando efectivamente o Concello paga relixiosamente o que lle corresponde ao Concello pagarlle á concesionaria e ese recursos económicos que o Concello pon unha concesionaria privada non acaban sendo convertidos en nómina, pois entón aquí hai un descontrol absoluto cunha concesionaria, seguramente con máis, pero hoxe imos falar de LINORSA. O que dicimos é que sistematicamente esta empresa vai culebreando cos salarios das traballadoras, de dous servizos moi importantes como son limpeza dos edificios e instalacións municipais, e os colexios do Concello de Vigo, polo tanto alguén nos terá que explicar como pode ser que un concello mete recursos públicos nun saco sen fondo que ao final non se traslada ao pago de salarios que é a principal custe e servizo que ten que asumir esa empresa, que é o pago dos salarios, estamos a falar de mulleres e homes que fan labores de limpeza.

Polo tanto, nós pedimos que se execute xa como se dixo no seu día e se dixo no 2014 e “non nos vai temer o pulso para continuar co proceso de sancións”, como xa non é a primeira vez, xa estamos fartos de ver como sistematicamente esta empresa fai unha política laboral que se esquece do principal que é o pago dos salarios, nós dicimos que se abra xa o debate, neste caso se é pactado coa empresa mellor, de que esta empresa rescinda o servizo porque non estamos en nada novo, non estamos en algo que sexa novidoso e sobre todo que se dea solución inmediata e que se obrigue á empresa que polo tanto está a incumprir unha falla grave recollida no prego, que se lle diga á empresa que se non é capaz de xestionar os salarios e os dereitos laborais dos traballadores/as que abandone un servizo público, que se disolva como empresa, porque vemos tampouco é capaz de facer fronte as súas obrigas coas administracións públicas e que estudemos fórmulas, algúns concellos precisamente agora co problema de LINORSA está propoñendo a remunicipalización do servizo a través de empresas públicas de servizo que non sería unha mala idea para acabar con este problema.

SR. GAGO BUGARÍN: É curioso Sr. Alcalde e señores do Goberno Municipal, que neste Pleno se repiten de forma reiterada que os problemas que se derivan da xestión que esta administración local ten na xestión diaria da cidade se repiten de forma constante, da igual que xa foran diagnosticados anteriormente, da igual que fosen analizados neste Pleno como é no caso desta moción porque aquí os problemas se repiten neste Concello de forma constante e este, como poden vostedes ver na bancada do público, pois é un dos conflitos laborais máis sonadas que tivo esta cidade nos últimos anos, e digo isto porque este mesmo problema, como xa ben dixo quen me antecedeu na palabra, xa foi exposto aquí no último Pleno de decembro do ano 2014, como vostedes lembrarán, a nós chámanos a atención varios aspectos por falar en referencia aos últimos anos que primeiro, no ano 2006 se quita a concurso este servizo, dous anos máis tarde no 2008, faise unha revisión de prezos á alza e se pasan a entregar a esta concesionaria máis de 2.500.000 euros ao ano, dous anos máis tarde no ano 2010, vólvese a quitar a concurso porque pasaron os catro anos que recollían no contrato, e volve saír asignada de novo a citada concesionaria. Catro anos máis tarde, no ano 2014,

tamén volve a vencer o contrato do servizo da concesionaria e concretamente en xullo empezan os problemas de cobro por parte das traballadoras/es que viron aprazados os seus salarios durante meses ata que ao final explotaron e se mobilizaron máis activamente. A maiores deses problemas de cobro, a empresa endebedaba con Facenda cantidades entre dous e tres millóns de euros, este non é un tema menor como vostedes ben saben polo pregos do contrato. Nos plantamos xa no ano 2015, onde o Concello de Vigo ten que tomar dúas decisións, por unha parte en vista aos acontecementos, quitar a concurso de novo a concesión tal e como estaba establecido no contrato, ou teñen a opción de prorrogar a concesión dous anos máis, tamén está establecido catro máis dous no contrato, revisables ano a ano, é dicir, no 2015 e no 2016, e cal é a decisión que toma este Goberno Municipal? Pois prorrogar o contrato, en vista dos acontecementos vostedes prorrogan o contrato, unha vez que temos estes acontecementos nós tamén nos preguntamos, e a traballadoras/es se preguntan, como é posible que se prorrogue o contrato a unha empresa que non cumpre? Porque vostedes saben que se hoxe mesmo se quitase a concurso, se se tivese que licitar este servizo, a citada empresa quedaría descualificada inicialmente, simplemente por non estar ao corrente de pago coa Axencia Tributaria e porque tería un informe de solvencia financeira negativa. E que isto, como lles viñamos dicindo é moi serio e o que non se entende é como unha administración lle paga integramente á empresa polo servizo que desenvolve, cos cartos de tódolos vigueses e tamén de tódalas traballadoras/es, e resulta que esta empresa cobra os cartos polo servizo e logo non paga correctamente nin en tempo nin en forma aos traballadores, isto non ten sentido ningún.

Eu lles dicía que este era un tema serio e para analizar con calma, pero se un tira de hemeroteca pois xa nada nos sorprende porque se nos retrotraemos aos argumentos dados polo goberno municipal para explicar en novembro do ano 2014, os problemas de cobro que tiñan as traballadoras xa dende xullo dese mesmo ano, pois a verdade pouco máis hai que engadir, e vou citar por exemplo as declaracións recollidas no xornal de maior tirada nacional, neste caso o Sr. Regades, “o Concelleiro de Fomento, o Sr. Regades, asegurou hai dez días no Concello que descoñecía que a empresa no pagaba aos empregados, a principios de novembro

cando prorrogou o contrato de LINORSA”, despois dicía “agora que xa o sabemos” despois de cinco meses “non o consentiremos e estamos ao carón dos traballadores” esta é resposta que en novembro lle dicía ó voceiro do goberno municipal ao problema que tiña arrastrado aos traballadores dende xullo, ese é o control que Sr. Regades vostede entre outros, fan deste tipo de servizos, o que se deduce unha vez máis é o desleixo absoluto deste Goberno Municipal no control e na falla de actuación nas concesionarias e o que é máis preocupante, a posición de inquietante tranquilidade coas que estas exercen o traballo nesta cidade, o que si é evidente é que agora habida conta deste problema, hai que solucionalo xa, abrir expediente sancionador, esixir o pago inmediato da empresa e actuar en consecuencia, en relación ao contrato se isto non se corrixe de forma inminente.

O último que lles podo dicir é que esta falla de rigor como vimos denunciando, sempre o control por parte das actuacións das concesionarias que desenvolven o traballo nesta cidade, queda patente unha vez máis que o froito diso é que teñamos aos traballadores dos aparcadoiros da Praza de Portugal e a Porta do Sol sen subrogar e na rúa e de novo aos traballadores/as nos servizos de limpeza dos colexios e dependencias municipais, seguir así.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O primeiro, cobrar é un dereito dos traballadores e cobrar é un dereito sobre todo cando esta administración, o Concello de Vigo fai os pagos de forma puntual e por iso tamén pagar é unha obriga e isto levámosllo dicindo de forma reiterada a LINORSA. Eu creo que é importante e sobre todo entendendo a problemática de tódolos traballadores que están aquí, porque eu estou do seu lado, eu creo que é importante que nos deixedes explicar o que se está a facer e non teño ningún problema a falar despois con vós se temos que explicar algo máis. Entón eu voules dicir o primeiro que se fixo foi pedir un informe xurídico sobre esta situación, os licenciados en dereito do Concello fixeron un informe sobre a situación que están a vivir os traballadores, que salta a alarma baixo o control que se fai sobre as concesionarias e cando se detecta a primeira vez, que dende o ano 2014, que fan un impago da metade de nómina, é dicir, señores do Partido Popular, eu non sei se están a facer vostedes o mesmo porque estes traballadores tamén traballan para a Xunta de Galicia, LINORSA tamén

traballa para a Xunta de Galicia, teñen este informe xurídico na Xunta de Galicia, eu creo que non, pero o importante son estes traballadores e é xestión que fai o Concello de Vigo, o resto, as súas palabras a verdade é que non a imos a ter en conta.

Ese informe xurídico se lle traslada ao representante do Comité de empresa de LINORSA ao Sr. Emilio Fernández Rodríguez para que teña coñecemento de que se inicia o expediente, e este requirimento se fai, lle repito Sra. Julia que ao representante do Comité de Empresa de LINORSA, o Sr. Emilio Fernández, se lle anuncia por escrito de tódalas medidas que se están a tomar. Sigo, a terceira medida que facemos e a facemos o 18 de xaneiro é requirir á empresa de que ten que pagar porque nós lle pagamos, entón dicímoslle á empresa que ten que pagar, e non só iso, lle dicimos como marca a lei, Sr. Pérez Correa, que no prazo de 15 días se segue sen pagar farase cumprimento do expediente sancionador, retirando a concesión. Non só iso, a verdade é que eu estou completamente de acordo co que dicía o Sr. Pérez Correa, o importante é que os traballadores cobren e imos facer tódolos esforzos para que este traballadores cobren e como dicía o Sr. Pérez Correa, nós se retiramos este contrato de forma inmediata os prexudicados poden ser os traballadores, por iso dende o primeiro momento estamos a falar coa empresa para intentar que isto se faga de forma consensuada e que se hai que retirar o contrato como marca a lei, o prego, pois que se faga de forma consensuada para que non se abra un expediente que pode ser largo no tempo e os prexudicados sexan os traballadores, porque cremos que non.

O Alcalde no ano 2014 garantiu neste Pleno o cobro dos traballadores/as e se fixo e cobrou, ata decembro deste ano non se volveu ver outra incidencia e como di vostede, o pago e a débeda de Facenda non existía nos informes de estar ao corrente porque como vostedes sabe no ano 2014 a débeda era preto de tres millóns de euros e hoxe en día a débeda desta empresa é de menos de dous millóns, por que? Porque fixo un plan de pagos co cal Facenda fixo un informe de que estaba ao corrente coa débeda que tiñan estes señores. Pero para este goberno o máis importante é o dereito dos traballadores, o dereito a cobrar, porque nós imos estar ao carón de tódolos dereitos destes traballadores, e non só iso, imos

a exercer, si Sr. Fidalgo, xa sei que vostedes na Xunta de Galicia onde gobernan non, pero nós si, imos exercer toda a potestade e toda a forza que ten esta administración para obrigar á empresa LINORSA a que pague, se non é hoxe que pague mañá pero nunca máis tarde, que o faga canto antes.

Como vostedes saben tamén, no seu debate nos falaron da concesión, porque hai dúas concesións a de edificios municipais onde está a Xerencia de Urbanismo, o Concello e outros edificios municipais e está a outra concesión que é de limpeza dos colexios públicos, como vostedes saben xa a concelleira de Educación nestes momentos iniciou expediente, eu creo que é importante isto Sr. Fidalgo, que mellor mirar o tempo que poder explicarlle á xente e sobre todo con interrupcións do que está a pasar e que nestes momentos xa se iniciou o expediente para a nova licitación dos colexios, o resto é o cumprimento da lei.

SR. PÉREZ CORREA: As cuestións dos informes xurídicos, precisamente esa pregunta é a que teríamos que responder, por que con denuncias formalizadas polos traballadores/as durante estes meses? Por que? Un plan de pago nunha empresa non significa solvencia para levar adiante un servizo destas características, un plan de pagos non garante as puntuacións ou incluso as decisións políticas, non técnicas, de prorrogar un servizo que tiñamos naquela altura de quitar a concurso, non había ningunha causa que xustificara unha prórroga desta concesionaria e agora nos preguntamos se non houbera esta mobilización moito nos temíamos que buscarían o encaixe dunha nova prórroga se o permite o prego, ou incluso a posibilidade de facer contratos de servizos, e polo tanto, nós non sabemos cando empezarán a correr eses 15 días, pero as familias non poden soportar o impago dunha nómina 15 días, porque os pagos das familias son os que son, prodúcense ao principio de mes, estamos a falar de nóminas xa do ano pasado que se endebedan, e polo tanto nós imos pedir que eses 15 días non se esgoten, que a empresa se lle requira xa unha urxencia nos pagos e efectivamente que se priorice sobre outras cuestións que seguramente para este concello serán importantes, pero que se priorice porque estamos a falar dun montante de traballadores/as bastante importante e o que pedimos a partires de agora é que a esta empresa se lle aparte dos concursos públicos porque xa estamos

sistematicamente fartos de que haxa problemas coa mesma, e polo tanto non creo que teña que haber unha terceira vez ou unha cuarta vez e non imos contar os despedimentos de traballadores/as por facer precisamente labor sindical ou por protestar pola situación que se estaba dando con impagos e con situacións anómalas no funcionamento da compañía.

Polo tanto, que se clarexe e que ese informe se faga público e que se saibamos xa a data coa que este concello vaise reunir coa empresa para empezar a falar desa rescisión de contrato e do que sería a xestión que este Concello ten que facer de maneira directa.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.01.2016 (Rex. Nº 1304/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(7).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE CONCRETE OS INVESTIMENTOS QUE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA TEN PROXECTADOS PARA A CIDADE NO PRESENTE ANO. REXISTRO PLENO 1306/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xaneiro de 2016, número 1306/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos derradeiros anos, o Concello de Vigo declarou en múltiples ocasións que as actuacións que estaba a levar a cabo a Deputación de Pontevedra na cidade eran claramente insuficientes, chegándoas a cualificar como “desproporcionadas e inxustas”.

Así mesmo, o rexedor municipal, valorou en 50 millóns de euros a inversión que o ente provincial debería de investir na cidade de Vigo por ser a cantidade que o Concello aporta aos orzamentos da Deputación provincial.

Con motivo das eleccións municipais, produciuse un cambio de goberno na referida institución que conlevou o nomeamento de Carmela Silva como presidenta. Ante este feito, o goberno municipal anunciou que o investimento da Deputación de Pontevedra en Vigo veríase incrementada “de forma infinita”.

O pasado 20 de novembro, o Concello de Vigo e a Deputación provincial asinaron un “protocolo” no que supostamente se prevían “melloras nas infraestruturas viarias, novas humanizacións de rúas, axudas para o deporte, a promoción económica e o emprego na cidade”, pero sen concretar ningunha cantidade económica.

O certo é que, despois de sete meses do PSOE no ente provincial, nese “protocolo fantasma” non materializou ningún investimento en Vigo, máis aló da reforma do Estadio Municipal de Balaídos, cuxo Convenio fora asinado polo anterior presidente.

Do mesmo xeito, tampouco consta nin un só euro en proxectos financiados pola Deputación nos orzamentos municipais para o 2016.

Así pois, a día de hoxe descoñecemos cales son os proxectos que se van a poñer en marcha na cidade mediante investimento provincial, así como tamén a contía dos mesmos.

Por todo isto,

ACORDO:

Instar ao Concello de Vigo a que concrete os investimentos que a Deputación de Pontevedra ten proxectadas para a cidade durante o presente ano, e esixir ao ente provincial a que as materialice.”

Con data 18 de xaneiro de 2016, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación quedou enterada do contido da moción.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que non contesten ás preguntas dos grupos municipais estamos de acordo, pero que non contesten aos traballadores que están aí non cobrando ao fin de mes, parécenos lamentable. Menos mal que vai vir a Deputación de Pontevedra e vai resolver tódolos problemas.

A verdade que si tiveramos que definir nunha palabra o balance das actuacións que fixo da Deputación de Pontevedra en Vigo nestes meses, dende que tomou posesión o novo goberno provincial, sendo moi xenerosos temos que dicir que é decepcionante para Vigo e para tódolos vigueses porque xeráronse tantas expectativas, había tanta alegría, tanto xúbilo, se lles dixo aos vigueses que por fin a Deputación ía a facer cousas na cidade fronte á anterior Deputación que non facía nada, que tiñamos que estar todos moi satisfeitos porque agora a Deputación realmente ía pensar nos vigueses, e despois destes meses os vigueses din e agora que, e do noso que, que pasa con eses investimentos tan prometidas? Non só nos atopamos que non foron capaces de facer absolutamente nada importante senón que enriba que o pouco que fixeron máis vale que se houberan quedado quietos, primeiro porque se estrearon cargándose a escola de gaitas, que por certo, centos de vigueses apuntados a esa Escola e que o Alcalde de Vigo deu a calada por resposta, centos de vigueses. Despois continúan co despropósito das rondallas que como se deron conta do tamaño erro que estaban a cometer fixeron unha especie de chapuza co Concello de Vigo para arranxar e facer un certame que non era nin moito menos o orixinal. E esta mesma semana remataron a faena cargándose o Rally Rías Baixas nunha decisión realmente vergoñenta para a cidade, deron vostedes con esa negativa a financiar e a colaborar no financiamento do Rally Rías Baixas, Sra. Presidenta Deputación, un exemplo de actitude absolutamente sectaria, esquecendo a un evento que traía a esta cidade a miles de persoas e que xeraba postos de traballo, pero a vostedes non lles importa con tal de opoñerse a quen non lles fan a ola cada vez que vostedes falan, lamentable e esperamos que rectifiquen, e dirán aos vigueses, tranquilos porque temos un protocolo asinado a bombo e prato polo Alcalde de Vigo e a Presidenta da Deputación, con grandes declaracións iso si, que é o que lles gusta facer, con moitas fotos tamén que é o que lles gusta pero con nada de contido, si con moitos adxectivos e só vou dicir uns

poucos porque senón rematásese o tempo e córtanme a palabra e non podería acabar, “histórico acordo, emocionante, que se vai facer xustiza, de consecuencias incalculables” e voume deter no meu favorito, “infinito”, que investimentos van facer na cidade, infinitas, palabras textuais do Alcalde que agora está a dicir infinito, un protocolo infinito, ante semellantes declaracións pódense vostedes imaxinar que fun correndo a ver o protocolo a ver o infinito, e nin por arriba nin por abaixo nin axitándoo, non hai nin unha soa cifra nese famoso protocolo de infinitivo, non hai nin o símbolo de infinito, ou sexa, cero. Logo despois de esa decepción de ver que non había nada nese protocolo vou aos orzamentos da Deputación e vexo, a ver que vai recibir a cidade de Vigo, eses 50 millóns que lle pedía o Alcalde de Vigo á Deputación a investir anualmente, onde están? Que van facer? E atópome con que non hai nada, unha referencia a Vigo, o convenio que deixou asinado o anterior presidente da Deputación para o Celta, un protocolo fantasma do que non foron capaces de facer nada, un débeda de 100.000 euros a un convenio de 500.000 euros que había asinado tamén a anterior Deputación, e a pregunta é, onde están as reclamacións do Alcalde de Vigo á Deputación? Onde están as mocións que presentaban dende o grupo municipal o Partido Socialista pedindo eses investimentos, onde están os investimentos que pedían en estradas provinciais, en museos, o Centro de Emerxencia das mulleres vítimas de violencia de xénero, o colexio alemán, o Aeroporto de Peinador, onde están? Realmente espero que no trámite, que na réplica nos dean importes e contías e espero que sexa a Presidenta da Deputación que se vista de concelleira de Vigo, que pense na cidade e que informe aos vigueses realmente do que van facer en Vigo, con cifras concretas porque queremos cifras concretas. Eu dende logo vou estar moi atenta, é máis, trouxen esta calculadora que me deixaron as miñas fillas e que é unha calculadora porque a miña non estaba a altura científica para chegar ao infinitivo, a ver se chega.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Efectivamente estas eleccións municipais trouxeron un cambio de goberno na Deputación que nada máis tomar posesión anunciaba un cambio de modelo e hai aspectos positivos neste cambio, é certo que valoramos positivamente que a Deputación non ten que intervir de ningunha maneira nos asuntos internos dos concellos, o cal, ao noso entender, debería ser un principio

para a liquidación política dunha institución que nin sequera escollen directamente as/os cidadáns.

O novo goberno anunciaba un adelgazamento das competencias da Deputación, máis ben se ve que onde non hai adelgazamento é na utilización publicitaria da institución.

Efectivamente, en novembro asistimos nas portadas dos xornais á sinatura dun protocolo que se facíamos caso das declaracións do Alcalde era un milagre para a cidade, fondos case infinitos como xa dixo a concelleira, case, sen case, infinitos, mellor aínda, orzamentos infinitos da Deputación, home, a min gústame moito cando se usan certas declaracións políticas para facer un pouco de populismo, pero case infinitas, sen case. É difícil atopar se temos para esta declaración de case infinitos, e preciosa para a prensa.

No protocolo non atopamos absolutamente ningunha concreción, nin de investimentos, nin de proxectos, máis o obxectivo deste protocolo fantasma podemos consideralo cumprido, o Goberno Municipal ten outra publireportaxe, unha vez máis ocupa espazos nos xornais sen máis motivo que a súa oposición comunicativa de avantaxe, e unha vez máis o titular queda en nada ao menos polo momento, igual que por exemplo, no anuncio do autobús para a atención de persoas en exclusión social que continuamos esperando a que entre en servizo tal e como foi anunciado o 23 de setembro do ano pasado.

Imos apoiar o acordo desta moción xa que a Marea de Vigo tamén está impaciente porque se concreten os investimentos que vai facer o Concello cos fondos concedidos pola Deputación, por eses fondos case infinitos, nos xornais saíu case, estaba mal, vostede dixo infinito.

Tamén esperamos sen ter moita confianza que esta volta a oposición teña acceso á documentación en tempo e forma, e non a través dos medios de información, como é xa costume nesta institución.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Jácome, para populismo o do Sr. Pablo Iglesias, o do Alcalde de A Coruña, o do Alcalde de Santiago de Compostela o do Alcalde de Ferrol.

Sra. Muñoz, tranquila porque o único que fai é rebentarnos os tímpanos, tranquilícese que non fai falla gritar, se quen grita non ten razón.

Contestamos dende o noso grupo quen queremos, é sorprendente a súa moción porque sempre fan ao revés, vostede en Pontevedra o que defende é que non haxa investimentos para a cidade de Vigo, deberían de vela os vigueses no Pleno da Deputación, deberían de vela a vostede cando intentaba ridiculizar o tema infinitivo, porque voulle dicir unha cousa, calquera investimento que se faga desta Deputación neste Concello é infinitivo con relación ao do Sr. Louzán, porque a do Sr. Louzán era absolutamente cero.

Esta moción debería haber sido presentada durante oito anos polo Partido Popular porque efectivamente o primeiro que fixo a Deputación co Concello de Vigo foi asinar un Protocolo que é público, que permite todo tipo de investimentos nesta cidade e isto Sra. Muñoz é a antíteses a 35 anos de goberno da Deputación, sobre todo aos oito últimos anos do Sr. Louzán onde todo era nominativo, clientelismo, para favorecer aos concellos do Partido Popular e onde todo era absolutamente ilegal. Claro que estamos nunha situación totalmente diferente, claro que estamos nunha situación histórica, e na súa moción relacionanse os temas que van ser obxecto do protocolo, parécelle pouco o que se vai acordar entre Deputación e Concello? Pois sinceramente é moito, é un protocolo que non podería ter contido económico no 2015 porque o Sr. Louzán deixou partidas millonarias con 200 euros, Sra. Muñoz, e precisamente é agora no 2016, co presuposto de 2016, onde se vai articular esa forma de gobernar. A nova forma de gobernar da Deputación é a igualdade, democracia para os concellos, é absolutamente a antíteses do que fixeron vostedes durante 35 anos e durante os oito últimos anos.

Eu comprendo a súa preocupación e comprendo a súa preocupación cando a vexo a vostede actuar no Pleno da Deputación intentando que este concello non teña investimentos da Deputación, é vostede a que está a xogar á contra no Pleno da

Deputación de Pontevedra. Esta moción que presentan vostedes é unha censura total aos oito últimos anos de goberno da Deputación de Pontevedra. Non se decataron aínda que deixaron de gobernar, refírese a dous datos concretos, Escola de Gaitas, nós actuamos dentro da democracia, a Escola de Gaitas sabe para o que servía? Para facer rico a algún dos seus amigos, simplemente para iso, por iso o defende vostede, non era unha Escola de Gaitas, era literalmente un “chiringuito” montado para recibir unha desas subvencións estratosféricas que se daban dende a Deputación e o que se nos pedía dende o Rally Rías Baixas, vostede que as veces presume de ser unha muller dende a legalidade, cuestión que xa cuestionamos amplamente, o que se nos pedía dende o Rally Rías Baixas era literalmente ilegal, polo tanto por iso non podemos acceder.

Eu comprendo a súa preocupación polo ben que vai ir a relación entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, comprendo a súa preocupación porque neste protocolo, que nunca o houbo gobernando vostedes, se abordan as cuestións básicas e lle repito porque como me están a interromper igual non me escoitou con anterioridade, calquera investimento que se faga neste Concello de Vigo por parte da Deputación é absolutamente infinitiva, co menosprezo ao que nos someteu o Sr. Louzán e un goberno que o único que fixo foi ter partidas de libre dedicación, de libre disposición que debería vostede criticalas, vostede sabe perfectamente que esta si que é unha nova Deputación que si chegou a democracia á Deputación e sobre todo, sabe o máis importante, a dignidade dos concellos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que non me esperaba menos de vostedes Sr. Font, que non deran nin un só dato na súa contestación, é unha magoa porque eu que viña preparada con esta calculadora científica ao final o infinito é cero, porque cero é a cifra que vostedes están a dar, porque non teñen nada que dicir aínda, porque non saben o que van facer, porque son un desastre na xestión, porque ademais sempre recorren ao mesmo que si no Pleno da Deputación, presentamos no Pleno da Deputación esta mesma moción para que se non queren dar conta aquí, dean conta no Pleno da Deputación o que van facer por Vigo.

Eu vou defender os intereses de Vigo, non como vostedes que agora que gobernan

esquécense dos intereses de Vigo, pero voulle dicir o que é un protocolo e a diferenza entre cantidades concretas, porque esas son as que antes se investían pola Deputación de Pontevedra, 90 millóns de euros, sóalle Sr. Font? 90 millóns de euros dende o 2007 ao 2015, que lles van vostedes dicir as noventa entidades deportivas de Vigo coas que colaboraba a Deputación e que aportaba 25 millóns, que lles vai dicir vostede aos 140 colectivos sociais e culturais cos que se financiaba na Deputación para facer actividades, que lles vai dicir? Que non van ter ningún financiamento, que non lles van apoiar, iso é o que lles van dicir? Que lle vai dicir a todos aqueles que estaban colaborando e que tiñan axuda da Deputación e que agora vostedes quitáronllas para darllas a quen queira. Como se atreve vostede a dicir que a achega do Rally das Rías Baixas era ilegal, pero como se atreve a dicir que era ilegal, era un financiamento, unha axuda para a celebración dun evento importante para a cidade de Vigo, 36.000 euros Sr. Font, volva a clase de matemáticas porque ata onde eu sei 36.000 euros é moito menos que infinito. Novamente están vostedes decepcionando a tódolos vigueses, só saben criticar, dicir que hai portas abertas, que hai fiestras abertas pero aos vigueses non lles din nada, que xa non hai clientelismo, que agora entrou a legalidade, pois é a primeira vez na historia da Deputación que un goberno da Deputación ten tres imputados ao fronte, vostedes trouxeron tamén a mancha ao Goberno da Deputación, non dean clases a ninguén porque non están en condicións de dar clases absolutamente a ninguén, non presuman e non insulten aos que antes tiveron a responsabilidade de goberno. Concreten as actuacións da Deputación, Sr. Font, Sra. Silva que mágoa que non se atreva vostede nin a intervir no Concello de Vigo. Estaremos xa moi baixos para vostedes, pero vostedes están nos altares.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 13.01.2016 (Rex. Nº 1306/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A TRAMITAR DE INMEDIATO A CESIÓN DOS TERREOS NECESARIOS Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DA CIDADE DA XUSTIZA. REXISTRO PLENO 1307/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xaneiro de 2016, número 1307/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O proxecto da Cidade da Xustiza de Vigo é unha das obras consideradas estratéxicas neste municipio, ao tempo que se trata dunha das demandas mais repetidas no ámbito xudicial do sur da provincia. A súa importancia quedou subliñada estes días coa inclusión desta dotación entre os proxectos catalogados como urxentes e de especial relevancia supramunicipal trala anulación do PXOM do 2008 polo Tribunal Supremo. A dotación xudicial adquire deste xeito unha categoría similar á mellora da estación do AVE ou mesmo a ampliación do polígono industrial de Citroën en Matamá.

A Consellería de Xustiza leva sete anos presupostando estas obras á espera de que o Concello de Vigo poña ao seu dispor os terreos necesarios para a súa materialización. Ata 2014, o goberno vigués desprezou as continuas chamadas ao diálogo feitas desde este grupo municipal e mesmo desde a Xunta de Galicia. Ese ano o Concello cambiou por fin de actitude e admitiu a necesidade de colaborar coa administración autonómica e iniciar o pertinente trámite de expropiacións para acadar a propiedade dos terreos sobre os que se asentará a Cidade da Xustiza.

Desde que esa decisión foi adoptada polo goberno vigués, asistimos atónitos a

unha sucesión de promesas que sempre remataron incumplidas. Falouse primeiro do verán de 2015 como a referencia temporal precisa na que a Xunta tería ao seu dispor os terreos. É evidente que non foi así. Como evidente é tamén que a cesión non se produxo en outubro, como se ten dito por este goberno; nin despois en novembro, nin tampouco en decembro...

Compre lembrar que o goberno municipal mesmo presentou una emenda ós orzamentos da Xunta reclamando unha maior dotación económica para a Cidade da Xustiza, ao tempo que deixaba sen aclarar cando poría o chan en mans do goberno autonómico. Nin sequera as sucesivas mocións desde grupo municipal do Partido Popular solicitando explicacións tiveron nunca contestación precisa por parte do goberno.

Lamentablemente, rematamos o mes de xaneiro e os vigueses seguen a esperar. Pero facémolo ademais sen información algunha sobre o estado no que están as xestións municipais. Nin sabemos que trámites faltan, nin si a recente anulación do PXOM afectou a esta operación. Nin, sobre todo, cando pensa este goberno traer a cesión ao pleno, tendo en conta que despois aínda terá que pasar polo preceptivo trámite de exposición pública antes de materializar a cesión á Xunta.

Na situación actual, podería chegar a ocorrer que o cambio legal que prepara a Xunta para desbloquear as obras da Cidade da Xustiza no marco do novo planeamento de Vigo acabe sendo máis rápido que a posta a disposición dos terreos por parte do Concello.

Por todo o exposto, esta concelleira propón para a súa aprobación neste pleno o seguinte:

ACORDO:

-Instar ao goberno municipal a tramitar de inmediato a cesión á Xunta dos terreos necesarios para a construción da Cidade da Xustiza. En todo caso, instar ao goberno a informar con urxencia á cidadanía do estado actual dos trámites para a expropiación, a incidencia nesta tramitación da recente anulación do plan xeral de ordenación municipal do 2008 e as previsións que manexa a alcaldía para rematar todo o proceso.”

Con data 18 de xaneiro de 2016, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade quedou enterada do contido da moción.

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Aínda que este é o segundo Pleno que estamos a realizar no 2016, o Pleno de hoxe se corresponde ao ordinario de xaneiro e lamentablemente

volvemos aos temas de sempre porque o Goberno Municipal non acaba de resolver os principais asuntos da cidade, ano novo pero tema vello, os terreos da Cidade da Xustiza, un asunto que como non pode ser doutra maneira, non fixeron máis que mentir.

O pasado mes de outubro, hai xa tres meses, presentaban vostedes a penúltima, digo a penúltima porque haberá máis seguro, moción sobre a Cidade da Xustiza, esixindo ao Goberno da Xunta de Galicia a única administración responsable en todo este asunto, que aumentase a partida orzamentaria para construír o edificio xudicial, pedíalle que en vez de tres millóns de euros puxeron no orzamento dez millóns de euros, lémbrolle que lle dicíamos que o problema da Cidade da Xustiza era que vostedes seguen sen ceder os terreos, e nesa seguimos, os terreos a día de hoxe aínda non se cederon e polo tanto a Xunta de Galicia aínda non pode comezar coa obra, por iso, despois de máis de dez anos dende que se asinase alá polo 2 de xuño de 2005, aquel convenio entre a cidade de Vigo e a Xunta de Galicia para construír o terceiro edificio xudicial e sendo Vigo a primeira cidade de Galicia na que proxectou esta nova infraestrutura porque era onde máis falla facía, creo que por unha vez Sr. Alcalde vostede debe ser responsable, deixar de enganar e traer xa ao Pleno o expediente de cesión destes terreos, traia ao Pleno o expediente de cesión dos terreos porque nestes xa largos dez anos o que fixo o Partido Popular e o Partido Socialista serviu para retratar o que un o outro fan pola cidade de Vigo, non me dan tempo material agora para lembrar tódalas mentiras e os enganos do Partido Socialista en Vigo sobre este asunto, o que dicía aquí o Alcalde, o que dicía a concelleira de Urbanismo naquela época a Sra. Silva, o que dicían en Santiago de Compostela o Sr. Méndez Romeu e a Sra. Caride, que nada bo fixo por este cidade mentres foi conselleira, nin un só euro de investimento para Vigo, iso si líos uns cantos, xa temos aí o Plan Xeral, unha tremenda irresponsabilidade e por non lembrar tamén aquel proxecto de carril-bici de estrada de Vigo a Baiona que ninguén quería. Si que é importante lembrar o que fixo o Partido Popular estes dez anos e tamén que gracias á presión do Partido Popular de Vigo que incluíu este tema na negociación dos Orzamentos Municipais, por fin se desatascou este problema no Concello e decidiuse a venda duns pisos propiedade do Concello na rúa Rosalía de Castro para pagar as expropiacións, xa nese momento, en novembro

de 2013, o Alcalde lle pedía á Xunta de Galicia que puxera eses dez millóns de euros, eu creo que é unha cifra que lle gusta como a do infinito, que son dez millóns de euros para os orzamentos do 2014, nin no 2014, nin no 2015 e a ver se no 2016 por fin se fai este importante proxecto da Cidade da Xustiza.

A cuestión é iso que as palabras do Alcalde valen moi pouco, en 2009 dixo que era inminente a expropiación dos terreos, no 2013 volveu dicir que a obra comezaría de forma inmediata e que había que poñer eses dez millóns de euros no orzamento, pero xa no 2015, hai ben pouco, prometeu ceder os terreos antes do verán de 2015, despois en setembro de 2015 e nós xa lle dicíamos que a ver se era para decembro, que se en decembro traía este expediente ao Pleno, pois tampouco en decembro, xa estamos en xaneiro de 2016 e seguimos igual, seguimos sen que a Xunta de Galicia teña aínda os terreos para que poida comezar a obra. Eu creo que o importante non é dicirlle a Xunta de Galicia o que ten que facer, o importante é que o Concello de Vigo cumpra coa súa obriga, cos seus deberes e que dunha maneira inmediata lle ceda os terreos á Xunta de Galicia para que poida investir máis de 20 millóns de euros na cidade de Vigo e así se poida construír ese terceiro edificio xudicial, unha demanda que levan os vigueses reclamando máis de dez anos consecutivos.

SR. PÉREZ CORREA: Este que é un dos culebróns máis lonxevos que temos aquí neste Concello, que aparecía ou desaparecía dos orzamentos da Xunta de Galicia, que aparecía ou desaparecía o debate político, imos dar un ton positivo, nós pensamos que hai avances importantes tanto por parte da administración autonómica como do Concello de Vigo como para que poñamos un pequeno calendario e intentemos cumprilo tanto a administración local como a administración central porque o groso, o dificultoso, o terrible que era dicir se iamos ter ou non Cidade da Xustiza que non entremos a valorar se fai falla ou non, eu creo que hai un consenso absoluto nesta cidade e só hai que falar cos traballadores/as de dependencias xudiciais para que nos digan cal é a situación incluso que non exista a comunicación entre os dous edificios. Polo tanto, unha vez que solventamos este culebrón e que todo o mundo está de acordo que a historia de amor ten que ir por esta vía, unha vez que se expropián as fincas, que se nos di

en Xerencia de Urbanismo, en concreto en novembro, que se agruparan as parcelas e que se ía cambiar e facer no Rexistro da Propiedade nº3 de Vigo, se ía facer esa agrupación e a consolidación deses espazos como vivendas expropiadas, unha vez que incluso superamos o debate de quen tiña que expropiar ou non as vivendas, só queda saber efectivamente cando se vai pasar a titularidade das mesmas a administración autonómica para que a administración autonómica execute ou empece polo menos esa partida orzamentaria que ten para o exercicio do 2016, de tres millóns de euros, que nós non imos a dicir se é escasa ou é grande, pero polo menos hai unha partida de tres millóns que permitiría os traballos iniciais da obra, polo tanto nós si que estamos de acordo con esta moción e sobre todo con que se faga a información, que creo que non só é aquí senón tamén na propia Xerencia de cando se vai a proceder ao cambio de titularidade e digamos que xa a Xunta de Galicia non teña máis excusas para comezar os traballos polo menos do que ten que ver coas partes iniciais dun proxecto destas características unha vez que todo o resto, o dificultoso, o que durante moitos anos dividía ás administracións está solventado.

Polo tanto, con ese calendario e de verdade que un calendario público sexamos capaces de cumprir senón hai ningunha pega administrativa ou xudicial, pois que tiremos para adiante e porque digamos que de tódolos ámbitos o máis resoluble, incluso coa anulación do PXOM, sería este porque isto claro que é un ámbito supramunicipal que creo que había moito consenso en que supera as cuestións exclusivamente urbanísticas do Concello de Vigo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Fidalgo eu creo que lle vou dar a razón nunha parte da súa intervención, vostede afirmou que a única administración responsable neste asunto é a Xunta de Galicia, e aí estamos totalmente de acordo porque é a competente e polo tanto, a obrigada a desenvolver aquelas infraestruturas xudiciais que son imprescindibles para prestar un bo servizo aos cidadáns e polo tanto, ante iso lle damos a razón. En calquera caso vostede di que a Xunta quere empezar a obra canto antes, nós o que entendemos é que antes de comezar a obra debería facer o proxecto, por iso no momento, no instante no que se expropiaron eses terreos o día 23 de outubro do ano 2015, cando o Concello de Vigo despois de

pagar, porque sabe cal é a conta a día de hoxe da Cidade da Xustiza, verdade? O Concello de Vigo tres millóns de euros, a Xunta de Galicia cero euros, esa é a conta a día de hoxe do que levamos investido cada administración nesta actuación en concreto.

En calquera caso como vostede sabe o Concello de Vigo informou á Xunta de Galicia de que tiña a súa disposición os terreos, ter a súa disposición significa que está en condicións de poder contratar ese proxecto e iniciar o proceso de licitación das obras porque como saben non se empezan de xeito inmediato, senón que indubidablemente hai que facer unha tramitación administrativa que podería ir adiantando e a día de hoxe non fixo nada.

Sr. Pérez estamos de acordo en que esta actuación é urxente, é unha mágoa que vostede non o teña tan claro e que non deixe que se debata no Parlamento de Galicia a emenda ao artigo 144 que neste momento coa anulación do Plan Xeral é a única vía posible para que podamos desenvolver a Cidade da Xustiza, polo tanto a urxencia hai que demostrala onde hai que demostrala e é precisamente dando o seu apoio á tramitación dunha iniciativa da que teremos oportunidade de falar ao longo deste Pleno.

Que fixo o Concello de Vigo? Pois en primeiro lugar expropiar os terreos logo dese proceso de expropiación por taxación conxunta, que rematamos o día 23 do outubro do 2015, e como saben a partires dese momento, por certo, é que no último Consello da Xerencia de Urbanismo deuse esta información, sorpréndeme que esta moción diga “instar ao Goberno informar” pero se están sendo informados de cada trámite que damos, o propio día 21 deste mesmo mes informamos no Consello da Xerencia, se vostede ten un problema de información cos seus compañeiros resólvao, porque ten información puntual o Consello da Xerencia de que se está a facer en cada un dos trámites, en particular deste tema da Cidade da Xustiza.

En calquera caso, como ben sabe, ese día 23 de outubro tivemos a titularidade dos terreos a nome do Concello, logo dese proceso de expropiación, a partires de aí

iniciouse o procedemento para ceder esas parcelas á Xunta de Galicia, para dar cobertura a esa cesión había que en primeiro lugar, agrupar esas parcelas e poñelas a nome do Concello, por iso precisamente se informou ao Rexistro da Propiedade, con data 27 do novembro do 2015, logo dos traballos de agrupación das parcelas para que o inscriban no Rexistro da Propiedade, como verá vostede non depende desta administración ter esa inscrición rexistral, toda a información que nos pediu o Rexistro da Propiedade xa foi convenientemente e oportunamente enviada para que non exista ningún atraso.

A partires de aí, inscribiuse no Patrimonio Municipal do Solo o día 1 de decembro do ano 2015, dúas parcelas, unha de titularidade do Concello de Vigo para cederlle á Xunta de Galicia, de 5.898 metros cadrados e outra de 643 metros cadrados que seguirá no Patrimonio Municipal do Solo.

O día 3 de decembro do 2015, é dicir, un mes e dez días logo de pagar as expropiacións, porque se pagaron, pediuse a alta no Catastro desas parcelas, tívose constancia do rexistro catastral da agrupación das parcelas o día 21 de xaneiro do 2016, o xoves pasado, e o mércores pasado eu asinei un oficio para publicar no Boletín Oficial da Provincia ese inicio do procedemento de cesión para que todo aquel que queira poda alegar a ese procedemento. En canto remate ese prazo de 15 días de información pública, logo do informe do interventor, da inscrición no Rexistro da Propiedade e dun acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo, obviamente materializaremos esa cesión, pero nada impide Sr. Fidalgo, que a Xunta de Galicia contrate o proxecto e inicie o procedemento de licitación das obras, seguimos á espera.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Caride, eu non teño ningún problema de información e de comunicación cos meus compañeiros, se vostede lee ben a moción pon que o Partido Popular insta ao Goberno a tramitar de inmediato a cesión dos terreos, quizais vostede teña algún problema de comunicación con algúns compañeiros/as do seu grupo, igual é que vostede ten algún problema porque se escoitan rumores e cando o rio sona auga leva. Avanzouse no camiño de cederlle os terreos á Xunta de Galicia, si se avanzou pero aínda e tal e como din as súas palabras queda un

longo camiño. En outubro citouse aos propietarios, asinouse o acta de pago e ocupouse o solo, nestes tres meses fixéronse xa a agrupación das parcelas, vaise iniciar, esperemos que esta semana, o período de exposición pública porque acabo de revisar o BOP e aínda non foi publicado, para que calquera interesado poda presentar alegacións, pero ao Concello e vostede mesmo díxoo, quédanlle varios trámites por facer que levan o seu tempo, porque aínda non se formalizou o cambio ante o Rexistro da Propiedade, este asunto está en trámite porque ao Concello lle falla aportar certa documentación, e unha vez que se teña esa certificación do Rexistro da Propiedade hai que levar o expediente a aprobación á Xerencia de Urbanismo e a ratificar ao Pleno Municipal, ademais o solo debe estar posto a disposición da Xunta de Galicia libre de cargas, o que inclúe tamén a desaparición desas sete edificacións actuais que se manteñen nos terreos, hai que facer polo tanto, un proxecto de demolición que o Concello nin sequera comezou. Como moi pronto, vostede non nos deu unha data, pero como moi cedo o Goberno Local podería levar o expediente de cesión ao Pleno de febreiro, marzo, abril, maio, non sabemos, a partires de aí a Xunta de Galicia, que xa fixo o proxecto, onde vai que o fixo do Sr. Irisarri Piñera, debe ser vostede a única que non o coñece, evidentemente, ese proxecto houbo que reformalo e agora hai outro proxecto de construción, evidentemente a partires de aí a Xunta de Galicia ten que licitalo, adjudicar as obras, algo que a administración pretende facer ao mesmo tempo para aforrar os prazos. O trámite consumirá como mínimo tres meses e por moito que apure a Xunta de Galicia, se vostedes aínda non están en disposición de dar os terreos, pois esperemos que comece as obras este ano e que se eses tres millóns de euros non chegasen, xa tamén dixo o conselleiro que no orzamento se especifica que se poden aumentar os fondos. A diferenza, é que cando estaba o Partido Socialista na Xunta de Galicia nunca houbo un euro nos orzamentos para a Cidade da Xustiza e co Partido Popular en cambio sempre apareceu ese compromiso no orzamento.

Eu diríalle que non se preocupe nada máis que de ceder os terreos cando antes, presentar a documentación no Rexistro da Propiedade.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.01.2016 (Rex. Nº 1307/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(9).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PLENO QUE OS RESPONSABLES SANITARIOS DA ÁREA INFORMEN AOS PROFESIONAIS E Á CIDADANÍA DO PROGRAMA FUNCIONAL DO HOSPITAL MEIXOEIRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1308/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2016, número 1308/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Recentemente os medios de comunicación, de novo, fixéronse eco de novos déficits e problemas asistenciais e funcionais do Complexo hospitalario de Vigo. Concretamente, nesta ocasión referido especificamente e especialmente á situación actual do Hospital do Meixoeiro, onde á persistencia dos problemas arquitectónicos xa coñecidos, engádese agora a infrautilización incomprensible dun recurso tan necesario polos déficits de recursos profesionais e asistenciais asignados.

Noticias dos medios de comunicación recentemente avaladas e ratificadas por colectivos de profesionais e centrais sindicais da área Sanitaria que ven con lexítima preocupación o que eles definen xa como un “desmantelamento” progresivo deste centro sanitario.

Por todo o cal, en nome do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e facéndonos eco das demandas formuladas por cidadáns e profesionais solicito o Pleno deste Concello aprobe os seguintes

ACORDOS

1.- Que por parte dos responsables sanitarios da área se informe dunha forma definitiva e clara aos profesionais e a cidadanía en xeral dos criterios de planificación e ordenación dos recursos asistenciais da área e concretamente sobre a misión e programa funcional do Hospital Meixoeiro na mesma.

2.- Solicitar dos responsables sanitarios da área procedan á dotación dos recursos humanos, técnicos e asistenciais imprescindibles para que o Hospital do Meixoeiro poida desenvolver a función asistencial asignada no contexto da planificación e ordenación da Área Sanitaria.”

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Recentemente os medios de comunicación de novo fixéronse eco dos déficits e problemas asistenciais e funcionais do Complexo Hospitalario de Vigo, concretamente nesta ocasión referidos especificamente e especialmente á situación actual do Hospital do Meixoeiro, onde a persistencia dos problemas arquitectónicos xa coñecidos engádese agora a infrautilización incomprensible dun recurso tan necesario polo déficit de recursos profesionais e asistenciais asignados.

Noticia dos medios de comunicación recentemente avalados e ratificados polos colectivos profesionais e centrais sindicais da área sanitaria que ven con lexítima preocupación o que eles definen como un desmantelamento progresivo deste centro sanitario.

Por todo o cal, en nome do Grupo municipal do Partido Socialista de Galicia, e facéndonos eco das demandas formuladas polos cidadáns e profesionais, solicito ao Pleno deste Concello aprobe a seguinte proposta: Primeiro, que por parte dos responsables sanitarios da área se informe dunha forma definitiva e clara aos profesionais e aos cidadáns, en xeral, de tódolos criterios de planificación e ordenación dos recursos asistenciais da área e concretamente sobre a emisión e programa funcional do Hospital Meixoeiro na mesma.

Segundo, solicitar aos responsables sanitarios da área procedan á adaptación dos recursos humanos, técnicos e asistenciais imprescindibles para que o Hospital Meixoeiro poda desenvolver a función asinada no contexto da planificación e ordenación da área sanitaria.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: De novo a Marea de Vigo vai votar afirmativamente a moción do Partido Socialista. O mesmo que o caso do Álvaro Cunqueiro é un escándalo o que sucede no Hospital Meixoeiro tamén o é. O primeiro por ter os problemas que aquí se teñen tratado xa en varias ocasións e que non vou repetir, e o segundo, por estar infrautilizado. A Xunta de Persoal leva reclamando unha e outra vez que as instalacións hospitalarias do Meixoeiro non caian no desuso despois de ter pechado varias áreas, camas e quirófanos e pídenlle á Consellería de Sanidade que elabore un Plan estratéxico onde se coordinen tódalas infraestruturas sanitarias da área, porque non se pode permitir que os problemas que ten o Álvaro Cunqueiro que non está sendo capaz de asumir toda a demanda sanitaria que se está a producir e pola contra teñamos ao Meixoeiro infrautilizado, cando a maioría da poboación que ten que acudir a calquera dos centros está soportando unha espera e unha falla de calidade sanitaria e derivando aos pacientes a Fátima e ao Domínguez de Pontevedra, isto non é admisible. O que están a facer os responsables sanitarios é dando largas dicindo que si, que van facer, que van, pero non fan nada e xa estamos fartas. Se o que queren é que a sanidade pública sexa unha sanidade de calidade que o digan, que o digan claramente que non enganen á poboación, se o que queren é que nos adscribamos todos á sanidade privada que o digan, e logo a xente fará no seu momento o que teña que facer, que será votalos de onde están para que veñan outras xentes con máis sensibilidade porque coa saúde e cos dereitos básicos das persoas non se pode xogar, e o primeiro que hai que salvagardar.

Como xa dixen votaremos a favor desta moción.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Falan vostedes de desmantelamento, infrautilización e eu falo de que o Meixoeiro trátase dunha infraestrutura necesaria e vixente. O Meixoeiro conta con 347 camas, 12 quirófanos e tres salas de cirurxía menor, tendo moi ben

definidas as súas características na actual configuración.

Primeiro, a atención ambulatoria cirúrxica, o Meixoeiro será o Hospital no que se realicen dúas terceiras partes das cirurxías do complexo, xa que o Álvaro Cunqueiro está reservado para a cirurxías de maior complexidade e menor rotación, centralizará no Meixoeiro a cirurxía maior ambulatoria, a de curta estadía e sen hospitalización e, en segundo lugar a hospitalización de pacientes crónicos, reingresadores e de idade avanzada, medicina interna, xeriatria e unidade de cuidados paliativos, a atención en especialidades e características basicamente ambulatorias, concentrando especialidades tan relevantes como a oftalmoloxía, a endocrinoloxía, derma, reumatoloxía, alerxia ou as consultas de xeriatria. Conta tamén coa unidade de dor, radioterapia, servizo punteiro en Galicia, medicina nuclear, unidade de mama, unidade infecciosas e disporá do laboratorio central COLE e a central de esterilización, o que hai que ter en conta é que os circuítos organizativos internos nun hospital no que a porta de urxencias é única, hai que ilos consolidando pouco a pouco, efectivamente a día de hoxe non se tivo a necesidade de empregar tres das doces alas de hospitalización do Meixoeiro, en calquera caso e tal como é habitual o número de camas adáptase as necesidades asistenciais que marquen os ingresos urxentes e programados, de feito esta semana abriuse unha das alas que permanecía pechada. Tratarase de aproveitar ao máximo as capacidades do hospital, sempre revisando as necesidades que van xurdindo coa nova estruturación do complexo, en canto á dotación de medios técnicos estase a levar, lonxe de desmantelar, acaban de investirse 2.500.000 euros, nun acelerador lineal de última xeración para tratamentos de radioterapia, ademais este ano dotarase doutro novo acelerador e ademais dun PET, por non falar de toda a dotación que se deu as consultas de oftalmoloxía entre outras.

Dende o SERGAS xa se ten informado aos profesionais, cidadáns e asociacións de pacientes sobre o funcionamento e organización do complexo. Efectivamente queda pendente de que a EOXI a Xerencia, informe directamente ao Concello de Vigo, polo tanto estamos a agardar por unha cita, gustaríanos que a Xerencia puidera informar ao Concello de Vigo.

Dito isto, tendo en conta que lonxe de desmantelarse o hospital, estanse potenciando os seus usos, sen embargo non temos ningún problema en volver a informar dos usos e o plan funcional e en solicitar as dotacións de persoal e técnicas necesarias para o correcto funcionamento e esperando maior receptividade por parte do Concello, imos a absternos nesta moción.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Permítame que lle diga señor representante do Partido Popular, non somos nos os que falamos, son os profesionais e os cidadáns que transmitiron as súas queixas reiteradamente a través dos medios de comunicación e a través lóxicamente das canles que lle permitan a relación, entre outras cousas con este Concello, como garante máximo da representatividade dos cidadáns de Vigo, polo tanto, non somos nós, nós recolleemos aquí un sentir que o puxemos con todo o respecto e co ánimo máis construtivo posible, polo tanto non somos nós os que falamos e os que poñemos en cuestión estes déficits senón que son os propios profesionais, e son cidadáns que o manifestaron reiteradamente.

Máis ala do que nos comentou na súa resposta, hai unha definición estratéxica do que é non só a área senón dos diversos elementos que conforman a mesma, e especificamente a do Meixoeiro. Polo tanto, máis alá do que ten e do que deixa de ter, hai unha indefinición sobre o funcionamento e sobre o cal vai ser a figura do que é o hospital no propio ámbito da área.

Hai elementos que son fundamentais e que xeran inseguridade, pero non só nos profesionais, comentábame un profesional de prestixio deste hospital, como cando lle tocaba facer gardas no Meixoeiro estaba en vilo ante a posibilidade de calquera continxencia por non existir un dispositivo mínimo de UCI para poder abordar eses problemas, dino profesionais médicos que van facer as gardas reiteradamente no propio Meixoeiro. Hai unhas alteracións programáticas con falla de respecto absoluto aos profesionais que non saben exactamente a que sitio teñen que destinarse cada día para facer a súa función. Hai incluso o que nunca houbo, o que hai moitos anos deixou de haber, ameazas explícitas por parte da dirección a profesionais ante as protestas como sucedeu o outro día, ameazas de actitudes legais, en vez de provocar e fomentar o diálogo e o encontro cos propios

profesionais.

En definitiva, trouxemos aquí esta proposta co ánimo construtivo e por intentar que dunha forma definitiva o Hospital do Meixoeiro teña o seu lugar e definición neste proceso e porque se solucionen os problemas, entre outras cousas os arquitectónicos que é realmente vergoñento como segue chovendo internamente en unidades como a de rehabilitación.

(No momento da votación preside o Pleno o 2º tenente de Alcalde o Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.01.2016 (Rex. Nº 1308/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.5(10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RECOÑECENDO O INTERESE POR VIGO A TÓDALAS FORZAS POLÍTICAS QUE FACILITARON A TRAMITACIÓN DA EMENDA “IN VOCE” Ó ART. 144 DA LEI DO SOLO. ESIXIR Á AGE QUE NON VETE O DEBATE DESTA EMENDA AO SER FUNDAMENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE EXCEPCIONAL INTERESE

PÚBLICO NA CIDADE. REXISTRO PLENO 1310/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2016, número 1310/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En data 10/11/2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza que declara nulo o PXOM de Vigo do 2008 por “insuficiente motivación” da resolución de 28 de marzo de 2008 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia na xustificación da inviabilidade de sometemento a lei 9/2006 de 28 de abril sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Esta sentenza supón a volta o PXOU de 1993. Planeamento que non responde as necesidades dos cidadáns de Vigo, nin establece as condicións axeitadas para garantir un desenvolvemento harmónico da cidade, nin garante os estándares de calidade urbana do século XXI, nin permite a implantación de proxectos empresariais imprescindibles para a xeración de emprego estable e de calidade na cidade, nin garante a implantación de dotacións públicas en cantidade e calidade suficientes para atender a centralidade de Vigo na súa área metropolitana.

O pleno municipal do concello de Vigo, o 18 de decembro de 2015, por unanimidade acordou:

“Primeiro: Proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a lexislación vixente que substitúa ao actual Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia” conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coas lexislación de solo, ambiental e sectorial de aplicación.

Segundo: Encomendar á Xerencia Municipal de Urbanismo a tramitación do procedemento de aprobación do novo PXOM e a realización dos traballos necesarios para a elaboración do novo documento, sen prexuízo da contratación daqueles traballos ou asistencias que, de ser o caso, resultasen precisas a tal efecto.”

O goberno e os servizos municipais traballan para axilizar o proceso de redacción do novo plan adaptado a lexislación de aplicación. Sen embargo, a sociedade e a economía de Vigo precisan acometer de xeito urxente algunhas actuacións públicas que resultan imprescindibles para garantir o seu futuro e a mellora dos servizos públicos. Actuacións que non teñen encaixe dentro do PXOU do 93.

Ante a relevancia de proxectos de tanta importancia para Vigo como:

1. A ampliación do polígono industrial de Balaídos e a necesidade de ampliar espazos e naves no polígono actual, con clara incidencia no desenvolvemento presente e futuro do proxecto empresarial de Citroën en Vigo e de todo o sector da automoción

2. A adxudicación e construción da estación de ferrocarril de Thom Mayne do Ministerio de Fomento e da estación intermodal de autobuses da Xunta de Galicia

3. A ampliación das actuais dotacións xudiciais en Vigo, coa construción a Cidade da Xustiza

É preciso a coordinación entre administracións para promover unha resposta áxil as iniciativas públicas que vimos de describir. A proposta do goberno galego, dado que esta situación non é exclusiva de Vigo senón que podería afectar a moitos dos concellos con planeamento adaptado a lei 9/2002, foi intentar negociar cos grupos parlamentarios a introdución dunha emenda “in voce” o artigo 144 na ponencia da lei do solo actualmente en trámite no Parlamento de Galicia.

Dita emenda buscar unha solución legal para acometer actuacións públicas urxentes e de excepcional interese público disconformes co planeamento urbanístico, previo informe favorable do concello e cos informes sectoriais preceptivos de acordo ca lexislación vixente.

Na procura dun texto de contexto, que garanta os dereitos dos cidadáns, o Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE, a proposta do goberno municipal de Vigo, propuxo na ponencia a introdución, nesta emenda do artigo 144, dun trámite de información pública que garanta os dereitos de todos os posibles afectados por este tipo de proxectos.

Como é coñecido, as emendas presentadas fora do prazo de tramitación, tal é o caso desta emenda presentada logo do coñecemento da sentenza do Supremo e cando o prazo oficial de presentación rematara, precisan o acordo unánime de todas as forzas parlamentarias para a súa consideración. A ponencia sobre a lei do solo, na discusión sobre a consideración e debate da devandita emenda, logrou o respaldo de todos os grupos parlamentarios excepto AGE. Ca súa posición, AGE está vetando a posibilidade de debater a emenda o artigo 144, bloqueando a posibilidade de que proxectos estratéxicos de Vigo podan materializarse o que pode poñer en risco proxectos empresariais e dotacionais imprescindibles para esta cidade.

A actitude do grupo parlamentario AGE impedindo a execución de proxectos de excepcional interese público para a cidade de Vigo o coloca nunha situación pouco amigable ca cidadanía de Vigo que de feito interpreta esta negativa como unha agresión directa a esta cidade.

Dende o Concello de Vigo consideramos imprescindible garantir o desenvolvemento do proxecto empresarial de Citroën en Vigo para evitar a súa deslocalización e mellorar a cantidade e calidade do emprego en toda a área de Vigo. Do mesmo xeito, precisamos mellores accesos e servizos na estación de

ferrocarril, intermodalidade e mellores servizos xudiciais. O excepcional interese social de estes proxectos e a urxencia destas actuacións fai preciso habilitar mecanismos que permitan, con todas as garantías legais, actuar superando as limitacións da volta o planeamento do ano 93.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Recoñecer o interese por Vigo a todas as forzas políticas que facilitaron a tramitación da emenda “in voce” o artigo 144 da lei do solo, e esixir a AGE que non vete o debate desta emenda por ser fundamental para desenvolver proxectos urxentes e de excepcional interese público para esta cidade. “

DEBATE.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Tratamos un tema que é absolutamente fundamental para a cidade de Vigo, como puxemos de manifesto hai un intre no debate da moción sobre a Cidade da Xustiza, hai algunhas cuestións que obviamente se viron prexudicadas claramente e paralizadas polo feito da anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo a consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo que di que está insuficientemente motivado o informe sobre inviabilidade da aplicación da Lei de avaliación estratéxica ambiental, pero que son vitais para o desenvolvemento desta cidade e non poden esperar. Trátase en especial e en particular de proxectos desenvolvidos por iniciativa pública que teñen un excepcional interese para esta cidade e ademais é urxente acometer.

Polo tanto na procura de instrumentos que permitan a axilización dese procedemento o Concello de Vigo de xeito inmediato púxose en contacto coa Xunta de Galicia para buscar vías que permitiran esa axilización e materialización de forma urxente falamos en particular da actuación sobre o Polígono da Balaídos que permitirá ampliar as instalacións de Citroën para facer fronte aos proxectos que ten de futuro e ademais para evitar a deslocalización desa actividade nesta cidade, falamos tamén da adxudicación da estación de Thom Mayne, da estación intermodal de autobuses e falamos como non, da materialización da Cidade da Xustiza, todos eles proxectos que coa vixencia do Plan do 93 terían serias

dificultades para poder acometerse e en calquera caso, que non poden esperar á aprobación do novo Plan Xeral.

A Xunta de Galicia entendeu esta necesidade de urxencia e polo tanto, propuxo a incorporación dunha emenda ao artigo 144 da Lei do solo, en tramitación no Parlamento de Galicia, para intentar que para aqueles proxectos de iniciativa pública de excepcional interese público e urxencia, se puidera implementar unha actuación por enriba do Planeamento vixente, sempre e cando o Pleno municipal dese concello, dera a súa autorización porque o Pleno municipal, neste caso, do Concello de Vigo, ten capacidade de veto, é dicir, pode dicir que unha actuación non quere implementala por esta vía e en calquera caso, para poder implementar eses proxectos de forma rápida, áxil e segura.

A partires dese momento como ben saben, dado que o proceso de presentación de emenda estaba rematado, só existía unha vía para intentar modificar ese artigo 144, esa vía era o acordo unánime de tódalas forzas parlamentarias, non co contido da Resolución, que podería debaterse, senón para poder debater e discutir esa proposta.

Esta cidade e este Pleno municipal solicitamos nesta moción que lle agradeza o seu labor a tódolos aqueles grupos parlamentarios que velaron por Vigo, e que intentaron que esta situación poda resolverse, propoñendo que se puidera debater esa emenda, non así a Alternativa Galega de Esquerdas e as Mareas aquí representadas, porque coa súa actitude vetaron a posibilidade do desenvolvemento futuro desta cidade, falamos de cousas moi serias. Estamos a falar dos postos de traballo desta cidade, non só estamos a falar de proxectos que indubidablemente contribuirán a mellorar a calidade dos servizos públicos, como é a estación ou a Cidade da Xustiza, senón que estamos a falar de emprego, e non acabamos de entender que ten o grupo das Mareas de Vigo contra a factoría de Citroën e contra o polígono de Balaídos, a actuación necesaria no polígono de Balaídos non só é a ampliación, é a actuación sobre o polígono xa existente en Balaídos e pode poñer en prexuízo o proxecto da K9 e os proxectos aos que quere presentarse Citroën para xerar máis valor engadido, máis emprego e evitar a deslocalización nesta

cidade. Presentáronse por parte das Mareas e da Alternativa Galega de Esquerdas, argumentos que eu cualificaría case como pintorescos, que si é un proxecto ilegal, ten a supervisión da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e dos servizos xurídicos do Parlamento de Galicia, que era aplicable a outros concellos, só faltaría, coa previsión que ten a Xunta de Galicia de que case tódolos plans xerais de ordenación municipal que están adaptados a Lei do 2002 poden enfrontarse ao mesmo problema só fallaría que non puidera aplicarse a outros concellos, dixeron que si podería haber “pelotazos” pero si estamos a falar de proxectos de iniciativa pública, polo tanto o que lle pedimos tanto, o Partido Popular que xa sabemos que apoiou esta iniciativa como o grupo das Mareas e que non veten a Vigo, non veten o debate parlamentario, non o impidan. O día 9 de febreiro é a previsión que se aprobe esta Lei no Parlamento de Galicia, teñen ata o 9 de febreiro para decidir dar o seu respaldo a esta cidade, e non as costas como lle están a dar, e en calquera caso se teñen a oportunidade de velar por Vigo e de promover unha actuación polo futuro de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: A min as apelacións éticas a unha especie de Vigo que debe ser unha cousa etérea que decide o Alcalde que é Vigo, que non é Vigo a min lémbreme tamén a ese Pleno da aprobación do Plan Xeral que se apelaba tamén a ese Vigo, que se aludía nas intervencións do Concello e que logo deu a razón precisamente a ese outro Vigo que dicía que xa estaba ben, ou que polo menos xa tiñamos que acabar coa improvisación e o “chiringuiteo” do urbanismo desta cidade, xa está ben dun urbanismo que se decide en marisquerías e en clubs de alterne, xa está ben, e nós non imos apoiar sistematicamente outra emenda cutre ao que vostedes teñen provocado. A min saben que me lembra isto, hai un vídeo en internet que hai unha socorrista que provoca unha nube tóxica terrible e intenta xustificar os produtos químicos que misturou para que esa nube tóxica se vaia, ou se xere fora desa piscina e afectara ao municipio madrileño, e como se da conta de que non pode explicar o que pasou, acaba dicindo “lieina parda”, iso é o que teñen que facer vostedes, asumir que a “liaron parda” co urbanismo desta cidade e que para saír dunha situación perigosa, falaremos logo do que pode significar de indemnizacións millonarias ou do que pode significar as inseguridades xurídicas para unha empresa tan importante como é a PSA, curiosamente o Partido Popular e

o Partido Socialista asumen unha cousa que nós non dicimos que imos bloquear, efectivamente temos ata o 9 de febreiro, pero pedimos garantías de que vai haber determinadas cousas que figuran no convenio que a Zona Franca e este Concello asinan para ese plan parcial e para ese ámbito concreto e di, isto é o convenio aprobado entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca nada máis chegar precisamente a Marea a este Concello, e di “que neste senso os instrumentos de planeamento como os previstos para o desenvolvemento do sector AP-Balaídos sométense ás previsións da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, sendo así que a súa tramitación requirirá a previa remisión ao órgano substantivo e de aí ao ambiental, dun documento ambiental estratéxico e dun borrador do Plan que se someterá a trámite de consultas”. O que pretende o Partido Popular e o Partido Socialista coa modificación expres dunha lei que non tivo debate, as 160 emendas que presentamos a oposición foron á trituradora de papel, o que pretenden é pola vía da urxencia que nós non poñemos en dúbida, por iso estabamos dispostos a apoiar a moción do Partido Socialista que foi retirada neste Pleno sobre a posibilidade de declarar plan ou proxecto sectorial de supramunicipalidade deses ámbitos e axilizar o proceso, o que pretenden é que todo este tipo de actuacións se leven adiante sen que un veciño afectado poida alegar, cousa que non inventamos nos senón a normativa urbanística, está tombando plan xerais por todo o Estado, empezando polo de Barreiros ou o mesmo de Ourense, calquera actuación urbanística na que un veciño afectado non poida alegar é xuridicamente insegura, e polo tanto, poderemos, seguramente, chegar a consensos, poderán vostedes buscar unha e outra vez un camiño torto para poder quitar adiante estas cousas e poder tombalo un xulgado, porque como ten pasado nos dicimos seguridade xurídica. Hai esa formula dende o ano 95, que sistematicamente se emprega para cousas moi curiosas como pode ser que Ence permaneza en Pontevedra ou outro tipo de actividades, nós estaríamos dispostos aínda non estando a favor da fórmula da declaración de supramunicipalidade, de explorar esa vía e axilizar o proceso do trámite ambiental, axilizar o proceso que ten que ver coa exposición pública, axilizar todo o que se sexa axilizable para que ese proceso fora rápido e efectivamente as cuestións que son urxentes para esta cidade vaian adiante, pero ao que non estamos dispostos é a abrir as portas do urbanismo deste país, non de Vigo senón de todo este país a fórmulas

absolutamente arbitrarias de xestión de proxectos, que efectivamente son de iniciativa pública pero a iniciativa pública moitas veces vai soterrada a iniciativas particulares de promotores e polo tanto, nós o que dicimos é que discutamos ata o 9 de febreiro, imos pedir que este venres no Parlamento de Galicia haxa unha comisión que se inclúan as emendas que o Partido Socialista tamén presentou, que se inclúan as emendas de que antes de abrir a espita de algo que sabemos que vai ser derrotado no Parlamento de Galicia, porque o Partido Popular non quere que haxa exposición pública e debate sobre esas cuestións urbanísticas, que consensuemos antes de levalo, que consensuemos non só o debate no Parlamento senón que debatemos no Parlamento e o que estamos a poñer enriba da mesa.

Outra vez improvisar no urbanismo desta cidade non, hai miles de cidadáns que están a pedir xa que se acaba esta maneira de facer urbanismo de salón.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é curioso escoitar algunha das afirmacións que se están dicindo neste Pleno en relación ao urbanismo e teño que dicir que en absoluto desde logo compartimos a intervención que acaba de facer Marea de Vigo. Estamos nunha situación na cidade de emerxencia urbanística, con moitos proxectos que son clave para o futuro desta cidade, que están postos en cuestión que se poidan facer nos prazos que son necesarios para garantir que se poidan levar a cabo, e dos que dependen moitos postos de traballo, do que dependen a calidade da xustiza que se imparte na nosa cidade, dos que dependen que Vigo siga avanzando na mellora da comunicación unha das vías máis importantes que ten que ter calquera cidade que quere ser competitiva. Por tanto, estamos nunha situación de emerxencia e como di a moción estamos neste momento cun plan absolutamente inadecuado, o plan de 1993, para a situación real que ten a cidade, e nese caso tódolos grupos políticos e os grupos municipais teñen que estar á altura porque hai que pensar primeiro nos cidadáns e non nas teimas e intereses políticos, nin aproveitarse dunha situación circunstancial e dunha situación grave como a que acaba de pasar para seguir na liña e para boicotear proxectos, que xa se nos anunciaron en repetidas ocasións, dos que están en contra, e iso é o que está a pasar neste momento con Marea de Vigo e con AGE, porque a realidade é que están en contra de proxectos claves para esta cidade, a realidade e xa o

dixeron neste Pleno é que están en contra da ampliación de Citroën e están a utilizar unha oportunidade que lles da unha situación de vantaxe porque poden bloquear o debate no Parlamento de Galicia para finalmente intentar boicotear unha vez máis esa ampliación de Citroën.

Nós dende logo, imos seguir pedíndolle a Marea de Vigo e a Alternativa Galega de Esquerdas que deixe de bloquear a tramitación desta emenda tan importante, deste artigo 144, que explicou a concelleira de urbanismo, porque cremos que é a mellor vía, a vía máis rápida e dende logo a vía máis segura xuridicamente porque está avalada ademais pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e a Asesoría Xurídica do Parlamento, estamos falando de proxectos claves para a cidade e estamos a falar tamén que o que se pide é que se permita o debate, xa dixo o Partido Popular, o grupo parlamentario que está disposto a negociar ese artigo, que está disposto a falar e a chegar a consensos en materia de exposición pública e en materia de medio ambiente, como se pediu dende Alternativa Galega de Esquerda e se se está disposto a dialogar a pregunta é que problema hai en deixar pasar esta emenda e que se poida realmente debater no Parlamento de Galicia, por que esa cerrazón e por que esa negativa a dialogar e a debater no Parlamento de Galicia porque se están opoñendo unha minoría á maioría da vontade, non só dos vigueses senón tamén de tódolos galegos, porque non hai que esquecer que aquí hai un consenso entre os dous grupos maioritarios do Parlamento de Galicia.

Por tanto, deixen debater esta proposta e deixen de bloquear o inicio desta tramitación porque con iso están intentando bloquear á cidade.

Dende logo, eu estou convencida que xa se levante este bloqueo inxustificado a este artigo ou non se levante, ao final conseguírase buscar unha vía para solucionar e que estes grandes proxectos para Vigo segan adiante e que o Partido Popular seguirá buscando alternativas que cumpran os requisitos básicos para que estes grandes proxectos segan adiante, pero non deixen que a cidade avance a pesares de Marea de Vigo, súmense ao consenso que hai entre os partido e súmense por Vigo para avanzar neses proxectos que son tan necesarios.

Non perdan esta oportunidade porque ao final imos conseguir buscar a fórmula para poder facela, e unha fórmula legal, que conte con todos e con tódalas garantías xurídicas, e o que todos queremos, as máximas garantías xurídicas porque dende logo é o que necesitamos e é o que necesita esta cidade porque esta cidade se merece dunha vez legalidade e garantía xurídica no seu urbanismo e esta cidade merécese que a deixemos seguir avanzando e que dende logo eses proxectos estratéxicos se poidan materializar.

Dende logo, aí, como sempre dixemos, aí estará o Partido Popular dende logo este grupo municipal sumando e avanzando e apoiando o desenvolvemento desta cidade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade é que non saio da miña sorpresa Sr. Pérez, aínda que interpreto das súas palabras que están vostedes pensando en dar marcha atrás na súa posición e creo que iso é unha boa nova, pero para poder emendar hai que poder debater. Polo tanto, o grupo parlamentario Socialista a proposta deste grupo Socialista do Concello de Vigo presentou unha proposición de emenda a incorporar a ese artigo, precisamente para poder incorporar un procedemento de información pública, pero para poder chegar a un acordo primeiro hai que ter a oportunidade de debater, e por que vostedes eliminan a posibilidade de que se poda incorporar unha cuestión de prazo, se esa emenda se presentara no prazo legal de presentación de emendas, vostedes non terían ningunha capacidade de veto, porque calquera grupo podería presentalas, agora están a utilizar ese resquicio de que estamos fora de prazo para intentar impoñerlle a esta cidade eu non sei que, porque vostede mesmo para poder intentar xustificar a posición do seu grupo acaba de facer un exercicio de “enmerdalo” todo, de que fala vostede de marisquerías e clubs de alterne? A quen se refire, dígao, porque facer acusacións e non dicir nada máis, iso non vale, non todo vale, polo tanto, coidado.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo do ano 2008 desafortunadamente foi anulado, pero tivo máis de 100 sentencias favorables, que había un compinchamento entre a adxudicatura e o Concello de Vigo, non, existían claras

cuestións de legalidade e só o Tribunal Supremo despois de cambiar a súa estratexia decidiu que non era suficiente a motivación dun informe. Polo tanto, non enredemos, vaíamos á cuestión central, agora vostede tiñan a oportunidade de decidir se están a favor de Vigo e dos proxectos de Vigo ou en contra, estar a favor de Vigo significa poder favorecer que o proxecto de implantación da factoría de Citroën e os seus novos proxectos poidan materializarse nesta cidade, obviamente a estación e tamén a Cidade da Xustiza, pero pensemos no emprego, debería ser a primeira preocupación que dende logo ten este grupo municipal e espero que tamén a teñan vostedes. Unha preocupación que como lle digo non só afecta á ampliación do polígono de Balaídos, afecta ás actuais instalacións do polígono de Balaídos, con cuestións urbanísticas e requirimentos urbanísticos radicalmente distintos entre o anulado plan de 2008 e o plan de 1993, que pode poñer en perigo moitos dos proxectos que Citroën e as empresas que están situadas nese polígono queren desenvolver. Vostedes están a negar a posibilidade de evitar a deslocalización dunha actividade industrial fundamental para esta cidade e para Galicia, vostedes están a enredar, dicindo que é ilegal e non o é, dicindo que non pode ter información pública e xa a propuxemos que existira, dicindo que pode haber “pelotazos” e non os vai haber, dicindo escusas de mal pagador para xustificar que vostedes lle dan as costas ao desenvolvemento desta cidade, agora teñen a oportunidade de favorecer á cidade ou estar na súa contra e ser persoas non gratas para esta cidade.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2016 (Rex. Nº 1310/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(11).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ , RELATIVO Á HABILITACIÓN NOVAMENTE DO ENLACE DE WEB DO CONCELLO AO CATÁLOGO DE BENS PATRIMONIAIS A PRESERVAR.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Rogo que o Goberno Local habilite novamente o enlace da web do Concello ao Catálogo de Bens Patrimoniais a Preservar. Este catálogo é de gran utilidade para moitos profesionais que o consultan habitualmente para tramitar cuestións relativas ao patrimonio. O devandito enlace desapareceu ao retirar da web o vínculo ao Plan Xeral do 2008 anulado pola xustiza, deixando ás persoas co precisan sen consultar o catálogo, sen posibilidade ademais de traballar con el e é moi importante para moitos particulares e para moitas empresas.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

5.2(12).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á CELEBRACIÓN DA 52

EDICIÓN DO RALLYE DAS RÍAS BAIXAS.

SR. GAGO BUGARÍN: Dous rogos rápidos, o primeiro é que a cidade de Vigo e a súa comarca lle roga que esixa á Deputación de Pontevedra a axuda para que se poidan celebrar a 52 edición das Rías Baixas.

PRESIDENCIA: Non entendín o primeiro rogo, que nos roga vostede?

SR. GAGO BUGARÍN: A cidade de Vigo.

PRESIDENCIA: Fala vostede no nome da cidade de Vigo?

SR. GAGO BUGARÍN: A ver, as 60.000 persoas que conforman o Rallye Rías Baixas.

PRESIDENCIA: Propono vostede? Vostede nos roga.

SR. GAGO BUGARÍN: Os asistentes róganlle que esixan á Deputación de Pontevedra a axuda para que se poida celebrar o 52 edición do Rallye das Rías Baixas, son miles de vigueses os que llo rogan.

PRESIDENCIA: Damos conta do rogo.

5.3(13).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á RETRANSMISIÓNS DOS PLENOS.

SR. GAGO BUGARÍN: Segundo rogo, lle rogamos unha vez máis que imiten ás vinte cidades máis poboadas de España e retransmitan os Plenos para que tódolos vigueses/as poidan ver en directo o que aquí sucede.

PRESIDENCIA: Damos conta do rogo.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(14).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO DO 20 DE MARZO DE 2010.

SR. PÉREZ CORREA: Que vai facer este Goberno Municipal para facer cumprir o acordo plenario do 20 de marzo de 2010, onde se comprometeron coas traballadoras da antiga Bernardo Alfageme a apoiar os seus dereitos pasando a súa propiedade o equivalente ás plusvalías que se lle endebedaban en forma de salarios e indemnizacións?

SR. LÓPEZ FONT: Este Goberno defendeu e sempre defenderá aos traballadores.

6.2(15).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTA NA MANCOMUNIDADE E NA ÁREA METROPOLITANA.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Vanse crear servizos de normalización lingüística de xeito mancomunado para os concellos que non teñen e para a Área Metropolitana, e de non ser así como se vai abordar o ámbito da normalización da lingua galega na futura Área Metropolitana de Vigo?

PRESIDENCIA: Nós temos o noso servizo neste Concello, na Área Metropolitana cando se estableza será a que teña a capacidade de decidir, non debe ser o Alcalde de Vigo quen fale en nome da Área Metropolitana.

6.3(16).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á FEIRA DE BOUZAS.

SR. GAGO BUGARÍN: En referencia á feira de Bouzas, unha vez que se tivo constancia da sentencia e do arquivo por parte do xulgado do conflito que houbo con disparos por medio, a pregunta que lle queremos facer este grupo municipal é saber que decisión vai a adoptar acerca da feira, se se vai poder celebrar ou non?

PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

6.4(16).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO A UN ESCRITO PRESENTADO NO REXISTRO SOBRE O ALBERGUE MUNICIPAL E AS NECESIDADES SOCIAIS.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu lle quero preguntar á concelleira a Sra. Abelairas que vai facer con este documento? Un documento que foi presentado por Rexistro o outro día referente ao Albergue, ás necesidades sociais desta cidade e que nos parece moi forte o que pon, entón simplemente dicir que estaremos atentos a todo o que sucede, se ten pensado facer algo?

PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.